



A XESTACIÓN DA VIOLENCIA GUERRILLEIRA
NA ARXENTINA (1966-1973)

Paulo Daniel Alonso Rodríguez

Titor: Eudald Cortina Orero

Historia de América

Grao en Historia

Curso 2022/2023

Resumo:

Dito traballo pretende abordar as causas históricas, tanto a nivel internacional como na particularidade nacional arxentina, á aparición de violencia política organizada no período da ditadura militar autodenominada Revolución Arxentina. Para isto, analízase o contexto económico, político, social e cultural nacional e internacional na medida en que estes contribúen ao esclarecemento da cuestión. En resumidas contas, pódese dicir que a violencia guerrilleira neste período responde a dinámicas internacionais ligadas entre si que postulan a violencia como unha ferramenta de acción política, así como unha traxectoria política autoritaria na Arxentina do século XX que contribúe á adopción de métodos violentos como vía de expresión dos reclamos populares.

Palabras chave:

Violencia política, autoritarismo, Nova Esquerda, guerrilla, Revolución Arxentina.

Abstract:

This work aims to address the historical causes, both at an international level and in the Argentine national particularity, of the emergence of organized political violence during the period of the military dictatorship known as the Argentine Revolution. For this, the national and international economic, political, social and cultural context is analyzed to the extent that these contribute to clarifying the issue. In short, it can be said that guerrilla violence in this period responds to interrelated international dynamics that postulate violence as a tool for political action, as well as an authoritarian political trajectory in Argentina in the 20th century that contributes to the adoption of violent methods as a way expression of popular claims.

Key words:

Politic violence, authotitarianism, New Left, guerrilla, Argentine Revolution.

ÍNDICE

Introdución	4
1. Estado da cuestión	5
2. Contexto	8
2.1. Contexto económico	8
2.2. Contexto político	10
2.2.1. A vaga internacional da Nova Esquerda	11
2.2.2. A Nova Esquerda arxentina	14
2.2.2.1. Clasismo	14
2.2.2.2. MSTM	16
3. Protesta social e represión no onxaniato: puebladas e Cordobazo	19
3.1.1. Contexto	20
3.1.2. Política represiva e etapas mobilizatorias	22
4. As organizacións armadas (FAR, Montoneros e ERP)	26
4.1.1. Puebladas: contexto da eclosión da guerrilla	27
4.1.2. Orixe, ideoloxía e concepción da violencia nas organizacións armadas (FAR, Montoneros e ERP)	29
4.1.2.1. A aposta guerrilleira das FAR	32
4.1.2.2. A particularidade de Montoneros	34
4.1.2.3. Ejército Revolucionario del Pueblo	38
5. Conclusións	42
Bibliografía	46
Fontes primarias	49

INTRODUCCIÓN

O traballo aquí desenvolvido pretende ofrecer unha explicación da xestación da violencia política na réxime militar autodenominado como a *Revolución Arxentina* (1966-1973). Para isto, procederase primeiro a unha contextualización ampla da situación económica e política da Arxentina dentro dun contexto internacional co que esta se relaciona. Deste xeito, será posto en contexto o autoritarismo presente no século XX arxentino e as consecuencias deste no movemento obreiro a partir de 1955. Analizarase a influencia da Nova Esquerda internacional e a súa dimensión na Arxentina e como esta serve para ofrecer alternativas políticas ao movemento obreiro e estudantil arxentino, especialmente aos xoves, que pasan pola loita armada artellada na guerrilla. Con isto búscase rastrear as orixes das organizacións armadas, entendendo os procedementos ideolóxicos así como os factores históricos que levaron a tomar as armas a estes individuos.

O obxectivo consistente no esclarecemento das causas responde á máis principal pregunta da disciplina histórica: o porqué dos fenómenos. A contextualización descrita e a metodoloxía escollida responde ao como. Por tanto, non cabendo unha historia da organizacións armadas ou dos movementos políticos relacionados con elas, inclúense as cuestións que serviron, en maior ou menor medida, dun xeito ou outro, para lexitimar a violencia así como o seu desenvolvemento. Porén, cabe realizar a advertencia de que, aínda que no presente traballo os movementos citados estean ligados á violencia armada, a súa dimensión é maior e non abrangue só a súa relación coas armas.

A exposición segue unha orde lóxica mais non estrictamente cronolóxica, pois pretende razonar cada factor dentro das súas propias dinámicas e traxectorias. Isto non significa que non se deba interrelacionar os conceptos e contextos. De feito, o traballo pretende que esta interrelación se dea de forma frutífera permitindo acadar a análise sobre as organizacións armadas cunha idea xerada sobre o marco sociopolítico no que nacen as organizacións guerrilleiras.

Deste xeito, búscase que as conclusións extraíbles á fin deste traballo sexan froito dunha análise da violencia política na súa traxectoria histórica de forma o máis transversal posíbel incluíndo o máximo número de factores abarcábeis, a fin de dar cunha explicación o máis completa posíbel.

1. ESTADO DA CUESTIÓN

O período histórico abordado por este traballo constitúe un área de estudo atravesada por numerosos matices e abordaxes. Este obxecto de estudo está atravesado por numerosas sensibilidades, que dunha forma imprecisa, interrelacionan a Historia coas memorias e a política da actualidade. Isto constitúe unha característica da cuestión da violencia política na historia arxentina recente. Para abordar esta cuestión de forma seria e ampla foi necesaria a superación de diversas etapas, cos seus correspondentes cambios sociais e políticos, que revitalizaron o interese por esta etapa e os seus movementos sociais. Non obstante, encontramos neste ámbito problemas recorrentes. Un deles é a perspectiva presentista na historiografía que busca repartir culpas sobre un episodio nefasto da historia propia. Neste sentido, dirixir algunha crítica ás formulacións da guerrilla é susceptible de ser calificada como un posicionamento coa dereita militar. Pola contra, a dereita militar nunca amosou un arrepentimento sincero e a disposición de reparar ás vítimas. Isto dificulta o distanciamento e obxectividade na perspectiva historiográfica ¹.

En boa medida, a explicación do trauma e a necesidade de reparación das vítimas da ditadura militar de 1976-1983 centrou os estudos sobre o violencia política na Arxentina. Isto deriva nun problema epistemolóxico, pois non indaga nas orixes e razóns da normalización da violencia política na sociedade. Isto evita ser xulgado na confusión de facer unha xustificación de índole moral cando se pretende facer unha xustificación histórica. Por iso, o período entre 1955 e 1973 demorou máis en ser estudado ao respecto do seu papel na violencia política ².

Resulta de proveito para ubicar a produción historiográfica e a súa orientación facer un repaso xeral da súa evolución. A produción deste ámbito acostuma encadrarse na Historia Recente, debido á súa proximidade no tempo que permite que as xeracións que a viviron e mesmo protagonizaron sigan na actualidade actuando en sociedade. O autor Emilio Crenzel clasifica a produción ao respecto en varias etapas. Unha primeira sería a posterior ao retorno da democracia (1983-1990) influída polos xuízos ás Juntas e os xuízos aos líderes guerrilleiros e os posteriores indultos. Esta é a etapa da *teoría dos*

¹ Ponza, Pablo, *Los intelectuales críticos y la transformación social en Argentina (1955-1973): Historia intelectual, discursos políticos y conceptualizaciones de la violencia en la Argentina de los años sesenta-setenta* (tese de doutoramento), Barcelona, Universitat de Barcelona, 2007, pp. 16-17 Consultábel en <https://dialnet.unirioja.es/servlet/tesis?codigo=3977>

² Ibid. p. 18

dous demos na que se fai recaer a responsabilidade sobre os axentes e colocando a violencia do Estado como defensiva ante unha violencia terrorista. Nos seguintes anos, esta cuestión enfriou e durante 1990-1994 non suscitou moito interese, parecendo zanzado. Aínda así, nos noventa publícanse importantes obras como *Resistencia e Integración. El peronismo y la clase trabajadora argentina, 1946-1976*, de Daniel James (1990), que incide na normalización da violencia como práctica política ao longo deste período. Entre 1995 e 2003 dáse o que denomina a *explosión da memoria* a raíz da testemuña do capitán Afolfo Scilingo e a participación nos voos da morte. Nesta época aparecen os estudos sobre terrorismo de Estado de Luis Eduardo Duhalde, Pilar Calveiro, Elizabeth Jelin e Hugo Vezetti como nomes máis relevantes ³. Nestes anos encontramos varias obras referencias James Brennan como *El Cordobazo. Las guerras obreras en Córdoba, 1955-1973* (1996). O estoupido social de 2001 favorece o interese polos movementos sociais, e con isto, o interese polo período de 1955 a 1973. Durante o kichnerismo (2003-2012) o goberno xusticialista fixo bandeira da cuestión memorística aínda que con fins partidistas. Con todo, máis unha vez non buscou dilucidar as orixes da violencia nin ofrecer á sociedade ferramentas para a comprensión deste período ⁴. Neste momento aparece a revista *Lucha armada en la Argentina*, importante neste ámbito.

Deste xeito vemos como os noventa e primeiros dous mil prepararon un contexto de produción prolífica ao respecto da violencia política e os seus porqués na historiografía arxentina. Esta eclosión a partir dos dous mil é protagonizada por unha xeración que xa non viviu, ou non pode lembrar, en primeira persoa os períodos de actividade guerrilleira ou ditadura militar. Isto explícase pola evolución historiográfica pero tamén sociopolítica arxentina, máis receptiva a tratar esta cuestión grazas á perspectiva gañada co paso do tempo. Os indicadores cuantitativos mostran un interese crecente nos últimos vinte anos. Tamén hai unha mellora cualitativa, desenvolvendo especificidades espaciais, subcampos como a represións, movementos sociais e militancias diversos, exilios ou dimensións persoais das experiencias históricas. Suxeitos considerados periféricos (presos, exiliados ou sectores marxidados) foron introducidos complexizando as preguntas. Trátase por

³ Franco, Marina, “Consideraciones sobre política e historiografía: el campo de la Historia Reciente en la Argentina” en Allier Montaño, Eugenia et al., *En la cresta de la ola. Debates y definiciones en torno a la historia del tiempo presente*, Ciudad de México, Bonilla Artigas Editores, 2020, pp. 382-383 Consultábel en <https://elibro-net.ezbusc.usc.gal/es/lc/busc/titulos/175507>

⁴ Crenzel, Emilio, “Hacia una historia de la memoria de la violencia política y los desaparecidos en Argentina” en Allier Montaño, Eugenia e Crenzel, Emilio, *Las luchas por la memoria en América Latina: historia reciente y memoria política*, Ciudad de México, Bonilla Artigas Editores, 2015, pp. 35-63 Consultábel en <https://elibro-net.ezbusc.usc.gal/es/lc/busc/titulos/105767/>

tanto dun área en desenvolvemento que ten a violencia como eixo central e as preguntas *por que?* e *como?* como protagonistas habituais ⁵.

Por último, tentaremos abordar algunha da bibliografía recente referencial para a abordaxe da cuestión da violencia política nos 60 e 70. No referido á violencia política en termos xerais temos a obra de Pilar Calveiro *Política y/o violencia* (2005). Sobre a mobilización social previa ao retorno de Perón cabe mencionar o capítulo de María Cristina Tortti *Protesta social y “Nueva Izquierda” en la Argentina del Gran Acuerdo Nacional* capítulo en *La primacía de la política* de Alfredo Pucciarelli (1999). No caso das organizacións armadas podemos mencionar as seguintes. Para o caso de Montoneros destacar como fundamentais o libro de Esteban Campos *Cristianismo y Revolución. El origen de Montoneros: violencia, política y religión en los 60* (2016), así como a produción de Daniela Slipak, especializada nas revistas montoneras e disidencias desta organización. Para o caso do PRT-ERP, existen dúas historias. Unha primeira é de Pablo Pozzi, chamado *“Por las sendas argentinas” El PRT-ERP. La guerrilla marxista* (2001). Unha segunda máis recente é *Los combatientes. Historia del PRT-ERP* (2011). Para o caso das FAR, Mar González Canosa é unha autora referencial. É autora da historia das FAR, a cal desenvolveu no libro *Las Fuerzas Armadas Revolucionarias: orígenes y desarrollo de una particular conjunción entre marxismo, peronismo y lucha armada*. Estes son só algúns exemplos que mostran o desenvolvemento do corpus bibliográfico ao respecto. Non obstante, o grao de especialización e profundidade dispoñíbel é moito maior.

Deste xeito, ficaría esbozada a situación actual da produción historiográfica, a cal apunta cara un maior desenvolvemento nos vindeiros anos.

⁵ Franco, Marina, “Consideraciones sobre política... pp. 383-390

2. CONTEXTO (1966-1973)

2.1 Contexto económico

O período histórico que nos ocupa caracterízase por ser unha etapa de amplas e profundas mudanzas a nivel mundial. Ditas transformacións tiveron un impacto profundo en Latinoamérica, que arrastraba as consecuencias dunha estrutura económica dependente. As tentativas de reforma do modelo económico, en grave crise desde o *crack* de 1929, non conseguiron reverter esta situación.

No caso da Arxentina, a década de 1960 está marcada polo *desarrollismo* implantado a partir de 1955 cos gobernos radicais, destacadamente o de Arturo Frondizi. Este *desarrollismo* víase como a superación do nacionalismo económico implantado por J.D. Perón. Pretendía reverter a situación económica adversa aumentando a tecnificación da economía arxentina entre outras medidas. Esta situación económica adversa era asumida por amplos sectores como unha anomalía no desenvolvemento económico meteórico que tivera o país até 1930. Deste xeito, o *desarrollismo* foi a política económica da *Revolución Libertadora*, como unha reforma modernizadora baseada na técnica, na ciencia, no positivismo e no progreso inherente á evolución humana. Esta tese, tamén coñecida como estruturalismo, pretendía alcanzar unha vía de desenvolvemento autónomo para as rexións da periferia económica ⁶.

No caso da Arxentina, a situación económica dos 60 débemola entender como a consecuencia da aplicación do Plan Presbich. Dito plan debe o nome a Raúl Presbich, presidente da CEPAL e encargado da política económica polo goberno de facto de Pedro Eugenio Aramburu. Para levalo a cabo, impórtase tecnoloxía e insumos que son adicados á tecnificación do agro. Isto beneficia aos sectores agroexportadores, que se ven revitalizados fronte a decadencia industrial. Os beneficios do agro son usados para compensar a balanza de pagos, entrando nun círculo viciado de dependencia. Nesta industria, a clase obreira ve deterioradas as súas condicións laborais ante a necesidade de axustar os rendementos industriais. A maiores, a proscripción do sindicalismo dificultou a súa organización e acción colectiva.

⁶ Ponza, Pablo, *Los intelectuales críticos ...* p. 70

Este plan foi axiña criticado por marxistas como Silvio Frondizi ⁷, quen analizaba a dependencia da burguesía nacional á burguesía imperialista inglesa e estadounidense. Máis visíbel neste ámbito foi a obra do peronista Arturo Jauretche⁸ *El plan Presbich. Retorno al coloniaje*, ante o patente retroceso económico do país ao modelo agroexportador ⁹.

Esta doutrina desenvolveuse principalmente durante o goberno de Arturo Frondizi (1958-1962) da man de Rogelio Frigerio. Este plan propuña unha industrialización diversificada para reducir a importación de produtos industriais e manufacturados. Seguía unha lóxica de acumulación previa á redistribución, común no discurso político latinoamericano.

Este salto cualitativo debería ser abordado, segundo Frigerio, sen a intervención do Estado, crítica feita ao peronismo, polo que se baseou no investimento estranxeiro. Arturo Frondizi, líder do radicalismo dialogante co xusticialismo, aceptou a deriva liberalizadora obviando as bases militantes da Unión Cívica Radical-Intransigente (UCRI). Esta política levou á sinatura en 1958, nun contexto de grave recesión, dun acordo de estabilización co FMI consistente na apertura do mercado arxentino ao capital estranxeiro e redución do Estado. Frondizi levou así á UCRI a unha viraxe completa na súa política económica, renegando da defensa do control estatal dos sectores estratéxicos, taxación de altas rendas e investimento público. As principais medidas foron a devaluación monetaria e a liberalización do cambio de divisas, para exportar máis e favorecer o investimento estranxeiro, redución do gasto estatal e privatizacións, o que supuña recortes nos subsidios e reforzar o poder das oligarquías tradicionais do país afectadas polo control estatal. Ao mesmo tempo, para conter a inflación, propón o control salarial e prezos.¹⁰ Para o caso que nos ocupa, son especialmente relevantes aquelas privatizacións que provocaron maior conflictividade social, ressaltadamente os frigoríficos.

⁷ Silvio Frondizi (1907-1974) foi un intelectual marxista referente a escala continental e cunha dilatada traxectoria política. Admirado polo Che, foi quizais o intelectual de maior talla da Nova Esquerda na Arxentina actuando como referente do grupo Movimiento de Izquierda Revolucionaria-Praxis. Por isto foi asasinado pola Triple AAA en 1974. Era irmán do presidente Arturo Frondizi.

⁸ Arturo Jauretche (1901-1974) foi un dos intelectuais máis prominentes no seo do peronismo, ocupando cargos relevantes no Primeiro Peronismo. Posteriormente, aliñouse coa CGT *de los Argentinos*. Os seus escritos alcanzaron enorme popularidade entre as masas peronistas, converténdose nun referente político.

⁹ Ponza, Pablo, *Los intelectuales críticos ...* pp. 71-75

¹⁰ Bellini, Claudio, “El Plan Prebisch de 1955, los dilemas del desarrollo argentino y las controversias en torno a los legados económicos del peronismo”, en *Revista de Indias*, Buenos Aires, vol. 78, núm. 273 p. 600 Consultado en <https://revistadeindias.revistas.csic.es/index.php/revistadeindias/article/view/1081>

Neste contexto, a esquerda marxista e a influída polo marxismo, inclinouse a interpretar esta década como unha década de crise terminal do capitalismo imperialista, incapaz de se reproducir. A emerxencia das *guerras populares* no Terceiro Mundo (Vietnam, Arxelia, Cuba) serían a expresión do novo mundo superador do imperialismo. Visto coa perspetiva actual, a década de 1960 e 1970 foi unha época de expansión técnica e económica do capitalismo, que derivou nunha nova división internacional do traballo froito da 3ª Revolución Industrial.¹¹ Para o movemento peronista, este momento interpretábase como un momento de “contrarrevolución económica e social [...] sobre a súa vella base colonial” que se prolongaría en 1966 até 1973¹². Estas análises foron en boa medida compartidas polos sectores antiperonistas progresistas (Unión Cívica Radical Intransigente, Partido Socialista e Partido Comunista).

2.2 Contexto político

Un ano chave para a comprensión das dinámicas violentas na política Arxentina é 1955. Eduardo Lonardi dá un golpe de Estado no que se chega a bombardear a Praza de Maio para conter a mobilización peronista. O 13 de novembro, case dous meses despois, un golpe militar liderado por Pedro Eugenio Aramburu, triunfa desde Córdoba. A diferenza de Lonardi, Aramburu ten como principal obxectivo a *desperonización* íntegra da Arxentina. Pertencía este á facción liberal do exército, en tanto que Lonardi profesaba un conservadurismo católico antiliberal. En canto Lonardi rexeitaba o divorcio, a legalización da prostitución e o anticlericalismo dos últimos anos do primeiro peronismo, Aramburu opúñase frontalmente á política económica e social de Perón.

Na procura desta *desperonización*, o goberno de facto dissolve o Partido Justicialista, intervén a Confederación General del Trabajo (CGT), inhabilitou aos militantes peronistas para o exercicio da cargos públicos e foi prohibida a propaganda, e mesmo simboloxía subliminal, referente ao peronismo por vía do Decreto 41161 de 1956, o cinco de marzo de dito ano. Comeza unha etapa de proscrición do peronismo, quen comezou a artellar a chamada *resistencia peronista*¹³.

¹¹ Ponza, Pablo, *Los intelectuales críticos ...* pp. 75-78

¹² Jauretche, Arturo, *El Plan Presbich. Retorno al coloniaje*, Buenos Aires, Ed. A. Peña Lillo, 1973., p. 9

¹³ Ponza, Pablo, *Los intelectuales críticos ...* pp. 66-69

Nestes anos, sucédense os episodios violentos contra a militancia peronista. En xuño de 1956 son fusilados o xeneral Valle e os oficiais alzados contra o goberno e outros 27 militantes xusticialistas no barrio de Lanús e no depósito de lixo José León Suárez. En 1960, o goberno de Frondizi activa o Plan de Conmoción Interna do Estado (CONINTES), mediante o cal son detidos aproximadamente tres mil militantes peronistas que mantiñan a súa actividade sindical, especialmente no sector frigorífico. En 1962, desaparece o obreiro da JP Felipe Vallese¹⁴, sen investigación posterior. Os reiterados episodios represivos, sumado á anulación das eleccións de 1962 e das lexislativas de 1965, con sendos golpes de Estado por parte de José María Guido e Juan Carlos Onganía, desacreditaron a democracia parlamentaria ante as masas peronistas. Ante as masas traballadoras de filiación peronista, a democracia consolidouse como unha escenificación baixo control castrense co obxectivo de blindar os intereses económicos e políticos das elites tradicionais do país. Resulta así máis comprensíbel, que os sectores excluídos da política (sectores do PS, PC, PJ e mesmo a democracia cristiá) iniciasen un paulatino proceso de achegamento ante o fracaso rotundo das tentativas *integracionistas* por parte de sectores radicais. Este proceso foi seguido dunha elite intelectual que fora afastada dos centros de poder cunha conciencia activa dos problemas do país¹⁵.

Estes contexto de convulsión interna da nación resulta de central relevancia para entender o particular asento que tomou a vaga internacional da Nova Esquerda na súa chegada á Arxentina.

2.2.3 A vaga internacional da Nova Esquerda

A Nova Esquerda (NE) é o nome que recibe o conxunto de movementos revolucionarios de corte socialista heteroxéneo emanados ao calor da Revolución Cubana. Estes grupos encontraron puntos en común no seu rexeitamento á política soviética, sobretudo a externa, e aos Partidos Comunistas dependentes do Kremlin. Profundizaba así nunha fenda xa aberta pola crise sino-soviética e a invasión soviética de Hungría en 1956 no seo do movemento comunista internacional. Estes grupos

¹⁴ Felipe Vallese foi un operario metalúrxico convertido en símbolo histórico do peronismo por ser o primeiro militante en ser desaparecido forzosamente. *Un grito que estremece, Vallese no aparece* foi a consigna coa que pasou á historia até os días de hoxe.

¹⁵ Ponza, Pablo, *Los intelectuales críticos y la transformación social en Argentina (1955-1973): Historia intelectual, discursos políticos y conceptualizaciones de la violencia en la Argentina de los años sesenta-setenta* (tese de doutoramento), Barcelona, Universitat de Barcelona, 2007. pp. 363-366

encontraron un exemplo a seguir na experiencia cubana, centrando o seu pensamento e actividade política na *praxe* revolucionaria, isto é, a loita polas armas.

A violencia política exercida por grupos de esquerda na Arxentina nesta cronoloxía ten de ser necesariamente abordada desde a contextualización dunha vaga de violencia política internacional de carácter xeracional que en cada país se acomodou ás tradicións políticas propias. Deste xeito, a NE atopou na Arxentina un conflito, contexto e estrutura propias. Non obstante, o repertorio de accións, a organización descentralizada como movemento e os marcos analíticos e interpretativos teñen carácter internacional. Estes marcos intelectuais non permanecen illados, senón que están en constante interacción. Isto explícase en boa medida pola súa ligazón directa co *terceiromundismo*.

O terceiromundismo nacido na década de 1950 na Conferencia de Bandung de 1955 foi desenvolvido intensamente por Cuba coa Conferencia Tricontinental de la Habana de 1966 e a Organización de Solidaridad con los Pueblos de África, Asia y América Latina (OSPAAAL) nacida neste conferencia. O terceiromundismo proporcionou pois unha metodoloxía para derrotar un inimigo común, ao mesmo tempo que abre unha vía de posibilidade revolucionaria alternativa á ortodoxia comunista soviética. Dito inimigo común é o colonialismo e o imperialismo. O proxecto que a NE contrapón a este son unha serie de amplos movementos en loita pola fin da explotación económica, a participación política de todos os sectores sociais e a resistencia á dominación política nacional, racial e patriarcal. Xéstase por tanto un marco intelectual de resistencia anticolonial que ten a súa expresión nos movementos de liberación nacional.

Como referentes, a praxe da NE nutriuse da Guerra de Independencia alxeriana (1954-1962) e da Guerra de Vietnam (1955-1975) do que tomou un basto repertorio de accións para enfrontar un inimigo superior.¹⁶ Neste senso, o propio Che Guevara instaba a través da OSPAAAL en 1967 aos pobos do mundo a seguir a estela vietnamita creando *dos, tres... muchos Vietnam* e asumía como propia a tarefa de replicar o exemplo en América¹⁷.

¹⁶ Martín Álvarez, Alberto e Rey Tristán, Eduardo, “La dimensión transnacional de la izquierda armada”, América Latina hoy, vol. 80, 2018, pp. 10-12 <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6824803>

¹⁷ “Es el camino de Vietnam; es el camino que deben seguir los pueblos; es el camino que seguirá América [...]. América [...] tendrá una tarea de mucho mayor relieve: la de la creación del segundo o tercer Vietnam [...]” Guevara, Ernesto, *Mensaje a los pueblos del mundo a través de la Tricontinental*. 1967. p. 7 Consultábel en <http://www.insumisos.com/M4T3R14L/BD/Guevara->

Nun primeiro momento a mobilización guerrileira respondeu ao éxito cubano, resultando un completo fracaso que levou a reformulala poucos anos máis tarde. Entre 1968 e 1974 créanse máis de trinta organizacións armadas no continente, especialmente alá onde a protesta social era máis intensa. Esta protesta deuse tamén a nivel internacional compartindo algunhas motivacións como o rexeitamento á guerra do Vietnam. Nos países latinoamericanos afectados por réximes ditatoriais a mobilización social encamiñouse á esixencia de dereitos políticos, recuperación de conquistas laborais e sociais e reclamos de democracia directa.

A intelectualidade crítica xogou un papel fundamental na difusión do ideario da NE. Latinoamérica foi un lugar de recepción da produción das ciencias sociais europeas que tamén se deixou influír polo terceiro mundismo. Franz Fanon, Debray, Sartre, Gramsci e moitos outros tiveron o seu eco nas publicacións afiliadas á NE como *Cristianismo y Revolución*, *La Rosa Blindada* ou a revista *Contorno* no caso arxentino. A nivel continental a axencia *Prensa Latina* fundada por J.R. Masetti e apoiada polo goberno revolucionario cubano. Estas publicacións serviron para a comunicación internacional das experiencias alxerianas, vietnamitas, cubana e a problemática sino-soviética ¹⁸.

No cerne desta mobilización encontramos ao estudantado universitario como o sector máis activo e politizado, mobilizándose xunto as masas obreiras. Estes estudantes pertencen á primeira xeración de posguerra e a grupos sociais moi afectados polas transformacións económicas, sociais e culturais intensas do mundo de posguerra. A fin desta vaga témola na última década do século XX cos acordos de paz en El Salvador en 1992 e o acordo definitivo de paz en Guatemala en 1996, sendo estas as últimas insurxencias revolucionarias activas. Pódese explicar pola conxunción de varios factores. En primeiro lugar pola desaparición da militancia, ben polo seu exterminio e encarceramento ou ben pola interrupción da incorporación de membros. En segundo lugar e ligado ao anterior, polo contido xeracional da vaga. A socialización política, o contexto socioeconómico e as identidades que estes crean acaban esgotando en canto as condicións históricas mudan. En terceiro pola crise do marxismo froito co colapso do bloque soviético abre un escenario moi diferente, permitindo ao campo capitalista unha apertura

[Ernesto%20Che/Mensaje%20a%20los%20pueblos%20del%20mundo%20a%20traves%20de%20la%20T
ricontinental.PDF](#)

¹⁸ Ponza, Pablo, ... p. 35

democrática dos réximes ditatoriais, na que a esquerda revolucionaria se insire coa fé dun converso. A mudanza dos valores sociais cara o rexeitamento do autoritarismo e das violencia política é o último factor que explica a desaparición da esquerda armada revolucionaria ¹⁹.

2.2.4 A NE na Arxentina

Na Arxentina esta vaga afectou especialmente en varios fenómenos dados durante a proscrición do peronismo. En primeiro lugar, a influencia da NE na mocidade universitaria a raíz da experiencia cubana, conformando un movemento plural de converxencia para esquerdistas revolucionarios (afastados da liña do PCA) e peronistas, coa figura de John William Cooke como referencia²⁰. En segundo, a recolocación do espectro político, no que a esquerda tradicional (Partido Comunista Argentino e Partido Socialista) padece escisións que propugnan o achegamento ao peronismo²¹. Isto contribuíu para a conformación dun marco interpretativo no que o bloque proscrito representaba o *pobo* e, por forza, o bloque de goberno sería o *antipobo* ou *antinación*.

Neste sentido, abordaremos a continuación dous movementos de carácter nacional que influíron na conformación da particularidade arxentina na xestación da violencia. No ámbito sindical encontramos o clasismo. No ámbito social e relixioso encontramos o Movimiento Sacerdotes para el Tercer Mundo.

2.2.4.1 Clasismo

O clasismo consistiu nunha corrente sindical caracterizada pola súa loita contra a *burocracia sindical* e a combatividade e maximalismo das súas proclamas. No referido á súa denominación alude á identificación coa clase, naturalmente a obreira. Este é un elemento fundamental, pois constitúe unha experiencia sindical á marxe, ao menos organizativamente do marco peronista. Buscaba constituírse como a alternativa

¹⁹ Martín Álvarez, Alberto e Rey Tristán, Eduardo, “La oleada revolucionaria latinoamericana contemporánea, 1959-1996. Definición, caracterización y algunas claves para su análisis”, en *Naveg@américa. Revista electrónica de la Asociación Española de Americanistas*, 2012, nº 9, pp. 10-27 <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5143565>

²⁰ Pis Díez, Nayla, “La Nueva Izquierda, la protesta social y la universidad: debates conceptuales desde ámbitos cruzados” en Mangiatini, Martín et al. “Diálogo sobre el concepto de “nueva izquierda” en la historiografía argentina”, en *Archivos de historia del movimiento obrero y la izquierda*, La Plata, nº 18, 2021 p. 181. Consultábel en <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=8803532>

²¹ Mangiantini, Martín, “La Nueva Izquierda: una categoría en discusión”, en Mangiatini, Martín et al. “Diálogo sobre el concepto de “nueva izquierda” en la historiografía argentina” *Archivos de historia del movimiento obrero y la izquierda*, La Plata, nº 18, 2021, pp. 173-174 Consultábel en <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=8803532>

independente da clase traballadora. Isto supón unha diferenza con respecto ao sindicalismo combativo afiliado á esquerda peronista, quen asumía igualmente un alto grao de combatividade e reclamos, mais sen cuestionar o liderado de Perón sobre a clase traballadora ²².

As orixes do clasismo encontrámolos no ensaio de fórmulas de sindicalismo democratizador no seo do Sindicato de Técnicos y Afines del Transporte (SMATA) o sindicalismo combativo que se desenvolvía en oposición ás estruturas corporativas tradicionais. Porén, comeza a desenvolverse de xeito autónomo intensamento a raíz da conquista da direccións do Sindicato de Trabajadores de Concord e Sindicato de Trabajadores de MaterFer (SITRAC-SITRAM), ambas plantas cordobesas de FIAT. Estes sindicatos experimentarán unha progresiva radicalización ligada ás correntes revolucionarias. Deste xeito, desenvolveuse un modelo desligado da conducción peronista que atendía directamente ás decisións dos obreiros, coa autonomía de base e a democracia interna como base. Isto permitiulle conectar axiña coas demandas dos sectores máis activos da sociedade, especialmente coa mocidade, relegada da *burocracia* sindical ²³.

A importancia deste fenómeno na xestación da violencia reside na capacidade deste de acerca continxentes obreiros ás teses revolucionarias através do seu repertorio de acción. A mencionada base autónoma e democrática permitiu unha maio adecuación aos contextos particulares deixando un amplo marxe tanto á innovación como á espontaneidade, debido ao continxente de traballadores que suma á loita. O clasismo busca co seu repertorio de acción, non só intensificación do conflito, senón accións que evidencien as contradicións de clase. Isto supón transgredir a legalidade burguesa, pois esta existe para protexer a propiedade privada, así como desbordar os marcos organizativos e de acción da burocracia sindical. Deste xeito, avívase un conflito, non declarado pero latente e inevitábel: a loita de clases. Mediante o despregue deste conflito o traballador toma consciencia da súa posición a respecto do capital e do Estado ²⁴.

²² Gordillo, Mónica “Protesta, rebelión y movilización: de la resistencia a la lucha armada” en Daniel James, *Nueva Historia Argentina: Violencia proscrición y autoritarismo (1955-1976)*, Buenos Aires, Editorial Sudamericana, 9, 2007, p. 376 Consultábel en <http://www.scielo.org.ar/img/revistas/sochis/n29/html/n29a02.htm>

²³ Gordillo, Mónica “Protesta, rebelión y movilización... p. 361-363

²⁴ Ortiz, María Laura, “Apuntes para una definición del clasismo” en *Conflicto Social*, Año 3, N° 3, Junio 2010, pp. 70-71 Consultábel en <https://publicaciones.sociales.uba.ar/index.php/CS/article/download/412/370>

Entre as accións contempladas neste marco de conflito intenso encontramos ocupacións de fábricas con tomas de reféns entre o persoal de dirección e xerencia, as demostracións de forza da rúa incluíndo a acción directa, sabotaxe ou danos na cadea produtiva ²⁵.

No ámbito ideolóxico o clasismo é obxecto de debate. O clasismo enunciou insistidamente proclamacións revolucionarias nas que a loita de clases cobra un sentido central. Isto implica unha adhesión ao marxismo revolucionario e unha aposta pola superación do capitalismo e o establecemento do socialismo na Arxentina. Estes son obxectivos cos que se identifican ²⁶. Mais por outra banda, encontramos unhas bases politizadas ao calor do movemento peronista que carece desta idea. Desenvolveron un cuestionable e variado grao de conciencia de clase. Neste sentido, encontramos certa ambigüedades entre dirección e bases así como nas propias bases programáticas mostraba puntos coincidentes importantes coa esquerda peronista, como a protección burguesía *nacional*, en lugar da súa transformación, así como da pequena propiedade, suxerindo unha maior redistribución das rendas en lugar da socialización da produción ²⁷.

A modo de recapitulación, falamos dun movemento netamente obreiro caracterizado por unha grande radicalidade, especialmente na súa metodoloxía, e cun discurso que presenta certas ambigüedades entre o marxismo e a tradición peronista do movemento obreiro arxentino. A radicalización desta corrente viría a raíz das loitas por melloras gremiais as cales acabaron sendo interpretadas como avances cara un horizonte socialista. Esta incidencia na metodoloxía agresiva e até violenta foi secundada polas bases pola súa capacidade para conseguir mudanzas efectivas máis que por unha liña ideolóxica ²⁸.

Neste sentido, vemos unha relación entre os obxectivos xerais ao redor do socialismo nacional das organizacións armadas así como unha metodoloxía compatíbel e conceptualmente asumible polas organizacións guerrilleiras. Co tempo, a máxima

²⁵ Malvicini Di Lazaro, Luciano e Vivanco, Ángel, “El clasismo: ¿un sindicalismo revolucionario? revisitando el debate en torno a la experiencia clasista en Argentina (1970-1971)” en *Conflicto Social*, nº 15, Buenos Aires, 2022. pp. 82-83 Consultábel en <https://iigg.sociales.uba.ar/2022/07/18/revista-conflicto-social-n-27/>

²⁶ Ortiz, María Laura, “Apuntes para una ... p. 73

²⁷ Malvicini Di Lazaro, Luciano e Vivanco, Ángel, “El clasismo... p. 94

²⁸ Ibid. pp. 82-85

guerrilleira de transformar a violencia espontánea en violencia ao servizo da clase obreira está presente no clasismo como froito desa relación ²⁹.

2.2.4.2 Movimiento de Sacerdotes para el Tercer Mundo

A tesitura política mundial derivada da II Guerra Mundial e o período de posguerra coloca ao socialismo como unha alternativa viábel que ameaza a hexemonía capitalista e con ela, o cristianismo. A outra grande consecuencia é o ciclo de descolonizacións. Isto manifesta a necesidade da Igrexa de dar resposta aos problemas sociais que levan a un grande número de persoas a renegar da Fe seducidos polas promesas de igualdade do comunismo. Ao mesmo tempo, ábrese un espazo fóra desta disxuntiva mais fortemente marcado polas influencias de ambos bloques e as consecuencias prexudiciais da colonización. En consecuencia, a Igrexa Católica artella a súa *Doutrina Social*, coa que busca actuar nos problemas sociais e evitar así a súa canalización cara o marxismo ³⁰.

Por outra banda, sectores da elite intelectual católica interésanse no marxismo e no que se denominou *Terceiro Mundo*, aquel alleo aos dous bloques, na busca de respostas aos problemas sociais e ao subdesenvolvemento. Trátase do grupo *Economía e Humanismo*. Reúne intelectuais humanistas encabezados polo dominico bretón Louis-Joseph Lebret, xunto a Jacques Maritain ou o xesuíta Teilhard Chardin. Na década dos 40 inician en Francia un diálogo co marxismo que terá influencia en grupos intelectuais de América Latina e dentro das altas estancias da Igrexa Católica. O propio Lebret inflúe persoalmente no cardeal Montini, posterior Paulo VI ³¹.

Así é como se chega ao contexto do Concilio Vaticano II convocado por Xoán XXIII. Este Papa é consciente da necesidade de renovación da Igrexa ante a perda de presenza no mundo. Este concilio supón unha rutura coa tradición, facendo especial fincapé nunha praxe relixiosa humanista e comunitaria. Un bo reflexo disto foi a controvertida *Constitución Pastoral Gaudete et Spes*, que enfatizaba a labor da Igrexa na loita contra a pobreza. Chamemos a atención para o feito de se dar este concilio nun

²⁹ Corriente Clasista, *Suplemento del 1º de Mayo*, 1975, p. 4 Consultábel en <https://eltopoblindado.com/opm-marxistas/grupo-obrero-revolucionario-gor/corriente-clasista-suplemento-1-de-mayo-1975/>

³⁰ Ponza, Pablo, *Los intelectuales críticos ...* p. 274

³¹ Mealla, Eloy Patricio, “Del catolicismo social al tercermundismo católico” en *Miríada: investigación en Ciencias Sociales*, vol. 11, nº 15, 2019, p. 237 Consultábel en <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7308100>

momento de renovación marxista, o que habilitar un marco intelectual fértil para o debate e converxencias entre os grupos intelectuais. Foi o denominado diálogo católico-marxista³².

Neste aspecto, a encíclica *Progressio Populorum* (1967) de Paulo VI, expresa algunha das ideas fundamentais do grupo de Lebert, especialmente a do *desenvolvemento integral*. Esta idea enúnciase como a imposibilidade de separación do económico, e por tanto político, do humano. Que non ten unha vida digna, non pode ter vida espiritual. Esta encíclica tivo un impacto social de enorme magnitude, especialmente nas comunidades parroquiais máis pobres³³.

Un dos impactos máis notorios a nivel latinoamericano foi a Conferencia do Episcopado Latinoamericano de Medellín en 1968. Nesta conferencia defínese un concepto fundamental para todo o catolicismo social latinoamericano: a opción preferencial polos pobres. Nesta idea radica a razón de ser do MSTM. En boa medida este é un momento de difusión do resultado deste diálogo³⁴.

O caso concreto do Movimiento de Sacerdotes para el Tercer Mundo deriva dunha idea que transgrede o pensamento caritativo cos pobres senón que toma parte das súas reivindicacións. O seu nome deriva da *Mensaxe de 18 bispos do Terceiro Mundo* (1967) do brasileiro Hélder Câmara. Este nome expresa a postura do MSTM como consciente da posición do seu país no mundo e o consecuente antiimperialismo. Isto supón unha superación dos anteriores marcos do catolicismo social que buscaban integrar ás capas excluídas. O terceiromundismo fai énfase na dependencia e o sometemento como causa última da pobreza, polo tanto como mal a combater. Neste sentido, a publicación da *Teoloxía da Liberación* por Gustavo Gutiérrez en 1971 supón un chamado claro á participación dos cristiáns nas loitas políticas³⁵.

Eggers Lan, máximo expoñente do diálogo católico-marxista na Arxentina, defendía a compatibilidade de marxismo e cristianismo. Para soste isto, presenta un Cristo loitador contra a opresión e resalta a oposición común ao sometemento da humanidade. Deste xeito, o concepto de Home Novo socialista é interpretado en chave cristiá, facendo converxer obxectivos político-sociais do marxismo cos de renovación

³² Ponza, Pablo, *Los intelectuales críticos...* pp. 272-279

³³ Mealla, Eloy Patricio, "Del catolicismo social..." p. 242.

³⁴ *Ibid.* p. 327

³⁵ *Ibid.* pp. 247-248

espiritual e dignidade humana do cristianismo humanista. Neste sentido, un dos máis destacados líderes do MSTM, Carlos Mugica, argumentaba como a conciencia de ser fillo de Deus crea unha dignidade que evita a resignación ante a opresión. Os puntos básicos do MSTM foron recollidos no encontro realizado en 1968 nun documento chamado *Coincidencias básicas*, extremadamente polémico. Dous anos máis tarde, no III encontro realizado en Santa Fe (1970), o MSTM concretiza o seu posicionamento político adherido ao movemento político que consideran propio dos pobres: o peronismo. O proceso polo cal, sen adherir ás OPA, os sacerdotes do MSTM lexitiman a violencia exercida por estas encóntrase no propio contexto político e a interpretación que fan as OAP da violencia nesta época ³⁶.

3. MOBILIZACIÓN SOCIAL E REPRESIÓN NA *REVOLUCIÓN ARXENTINA*

No trasfondo histórico da violencia política despregada polas organizacións da Nova Esquerda da Arxentina o autoritarismo ten un papel central, cando menos discursivamente, na súa xustificación. Deste xeito, a represión e os mártires do movemento obreiro están presentes na retórica tanto da resistencia peronista como da esquerda revolucionaria. A diferenza doutros casos, as actuacións represivas do réxime militar da *Revolución Arxentina* consituíron un factor de mobilización social activando lazos de solidariedade intergremiais ou de clase e até interclasistas.

Un dos vínculos tecidos nestes anos con maior éxito foi a alianza obreiro-estudiantil. Esta alianza protagonizou algúns dos episodios mobilizatorios máis senlleiros desta etapa e desde logo, tivo un impacto determinante na politización de amplos sectores do movemento estudiantil que posteriormente serían cadros fundamentais na conformación da Nova Esquerda arxentina e as súas organizacións armadas. Porén, a principal novidade neste senso é a irrupción internacional da mocidade como actor político de seu a raíz da revolta de maio de 1968 en París e os seus correspondentes ecos globais nese mesmo ano. No caso da Arxentina, a convulsión internacional tivo a súa expresión *sui generis* respondendo á súa tradición política e contexto sociocultural. Nesta especificidade afondaremos en busca dunha exposición da cultura política do momento,

³⁶ Ponza, Pablo, *Los intelectuales críticos...* pp. 281-289

que se expresa en termos de mobilización social e autoritarismo, coa pegada xeracional que a xuventude universitaria lle conferiu.

3.1 Contexto

Desde os anos cincuenta o concepto de modernización gañou popularidade na Arxentina, entendéndose como un imperativo no ámbito económico. Así logo, tamén o acabaría sendo no ámbito social, principalmente para os sectores novos máis activos. O goberno de A. Frondizi actuou nesta liña, xerando unha serie de expectativas de mudanza para a poboación nova e estudante. Porén, Frondizi decepcionou ás bases de apoio do seu goberno, non só no ámbito económico, senón tamén coa promulgación da Lei 14.557 de universidades no 1958. Esta lei permitía a creación de universidades privadas con dúas consecuencias: o control por parte da Igrexa de boa parte do ensino superior e a fin da igualdade de oportunidades e mobilidade social mediante a formación académica. Xunto ás concesións petrolíferas e a activación do Plan CONINTES, a Lei de Universidades definitivamente provocou un sentimento de decepción e até traizón. Na realidade, o Exército era o detentor do poder, sendo este un goberno cautivo.

É neste contexto de protesta e decepción co frondizismo no que irrompe a Revolución Cubana, introducindo unha nova variábel no debate entre laicos e católicos: a Revolución. Para o estudantado proveniente das militancias reformistas, a Revolución supuña unha alternativa posíbel e integral para as súas demandas de laicismo, igualdade de oportunidades e universalidade da universidade. A partir de aquí, ábrese un debate sobre o rol da universidade na sociedade e esta convértese en campo de disputa para os actores políticos. A isto sumouse a cuestión da financiación universitaria mediante fundación e organismos estranxeiros, a cal foi interpretada como unha privatización ao servizo dos países imperialistas, na senda das políticas petroleiras. Deste xeito, o frondizismo pasou a ser considerado polos cargos universitarios medios e baixos e o movemento estudantil como un goberno proimperialista e antipopular ³⁷.

Os anos sesenta son uns anos de profunda transformación dos valores culturais. Transformacións ás que non escapou a mocidade arxentina. Neste contexto, ser xove significaba para os sectores máis conservadores unha ameaza ao modo arxentino de vida,

³⁷ Ponza, Pablo, *Los intelectuales críticos ...* p. 144-150

que se identificaba obrigadamente con occidente e o catolicismo. A socialización xuvenil comprendía novas formas de expresión persoal e política, tanto de xénero e sexual como cultural. A liberalización das normas de conducta sexual, o cuestionamento dos cánones estéticos como a moda unisex ou a maior exhibición corporal, ligado ás demandas de *reapropiación* do corpo feminino por parte das mulleres e o asociacionismo cultural ao redor das novidades estranxeiras como a cultura *beat* son algúns dos trazos máis significativos da cultura xuvenil que comeza a se desenvolver a inicios dos sesenta e que alcanzaría plenitude a finais da década ³⁸.

A busca de novas vías de expresión e de renovación da cultura política vémolana na fundación do Centro Editor de América Latina (CEAL) en 1966 ou a axencia Prensa Latina, ambos proxectos de vocación continental. A primeira tiñan como obxectivo dar un espazo de expresión aos sectores sociais que carecían del. A segunda, un mecanismo de difusión das teses revolucionarias cubanas. A censura buscou intervir este tipo de iniciativas. A persecución cultural evidenciou para esta xeración o salto cualitativo a dar para 1966, isto é, o compromiso político como necesidade derivada do compromiso cultural ³⁹.

Estas mudanzas foron interpretadas polo goberno de J.C. Onganía como o xerme do “infiltración marxista”, cobrando vital importancia na conflitividade, sobretudo estudantil, xurdida após 1966. O Estado neste momento interveu na vida privada dos arxentinos coa fin de determinar os seus hábitos e moralidade mediante un accionar censor, adoutrinador e represor das disidencias, especialmente xuvenís, que superaba o autoritarismo político coñecido anteriormente ⁴⁰.

Dada esta situación, a vía autoritaria para a modernización proposta polos golpistas de 1966 embaucou nun primeiro momento á ortodoxia peronista. Resulta central esta cuestión no posterior aliñamento da Juventud Peronista coa Tendencia Revolucionaria do peronismo, na que participaría tecendo alianzas coa esquerda sindical

³⁸ Pujol, Sergio, “Rebeldes y modernos. Una cultura joven” en Daniel James, *Nueva Historia argentina: Violencia, proscrición y autoritarismo (1955-1976)*, Buenos Aires, Editorial Sudamericana, 9, 2007, p. 315

³⁹ O CEAL foi fundado por Bori Spinacow xunto a académicos expulsados da Universidade polo réxime militar coa vocación de producir cultura masivamente de xeito accesíbel. Prensa Latina foi un proxecto do goberno revolucionario cubano dirixido polo arxentino J.R. Masseti xunto a senlleiros intelectuais como os arxentinos Rodolfo Wash e Rogelio García Lupo e o premio Nóbel G. García Márquez.

⁴⁰ Pujol, Sergio, “Rebeldes y modernos... p. 315

antiortodoxa. Existe pois, alén dun conflito político nuclear, un conflito xeracional adxacente.

3.2 Política represiva e etapas mobilizatorias

Como consideración inicial, cómpre indicar que as prácticas represivas durante o período militar non foron uniformes e transicionaron cara formas máis selectivas e especializadas tanto nos seus métodos como nos seus obxectivos.

Distínguese por tanto unha primeira etapa entre 1966 e 1971 caracterizada por unha política represiva de carácter disuasorio co principal obxectivo de impedir as expresións políticas de oposición. Esta táctica tiña un amplo alcance directo, caracterizada pola implicación de numerosos axentes dos corpos policiais e militares na represión de grandes continxentes de manifestantes, folguistas, e en definitiva, de masas. O suxeito represivo non merece menor atención que o obxecto da represión, pois esta violencia encontra xustificación no monopolio desta por parte do Estado avalado pola legalidade *de facto* instaurada polo réxime militar. Aínda que a contundencia e violencia desta represión ás masas provoque mortos, como é o caso de numerosas *puebladas* e demais episodios mobilizatorios, e nunca sexa cuestionada a súa pertinencia ante o imperativo supremo de reestablecer a orde, non ten como obxectivo nin como método central o asasinato de militantes. Segundo Luís Alberto Romero esta primeira fase estivo marcada por un shock autoritario, buscando mostrar a fortaleza represiva do réxime para erradicar os movementos potencialmente *subversivos*. A coñecida como *noite dos bastóns longos* foi un inmediata demostración disto⁴¹. Axiña a universidade se situou como un foco de oposición organizada contra o réxime. Deste xeito, o primeiro mártir do movemento estudantil non se fai esperar, coa morte do estudante Santiago Pampillón en setembro de 1966⁴².

A cuestión da autonomía universitaria tornouse unha das principais fontes de conflito derivada da promulgación da Lei 17.245, pola cal a Universidade pasaba a control

⁴¹ Este episodio consistiu no desaloxo policial das facultades ocupadas polos estudantes que protestaban en defensa da autonomía universitaria. Ficou gravada na memoria colectiva como un episodio de especial dureza represiva contra alumnado e profesorado. Como resultado, 400 manifestantes foron detidos.

⁴² Califa, Juan Sebastián e Milán, Mariano, “La represión en la Universidad y contra el movimiento estudiantil bajo la Revolución Argentina” en HIB Revista de Historia Iberoamericana, Universia, vol. 9, núm. 2, 2016 pp. 13-14 Consultábel en <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7052673>

do executivo e prohibíase a actividade política no seu seo. Superado un breve impás de desmobilización obreira e estudantil durante 1967, retomouse a conflitividade social durante 1968 co factor decisivo da creación da Confederación Argentina del Trabajo de los Argentinos (CGTA). Esta central rivalizaba coa CGT Azopardo (nome debido á rúa da súa sede bonaerense) cunha proposta de confrontación e combate ao réxime e ao capital oligárquico que este poder político-militar entendían que representaba. Esta CGT non tiña un carácter ideolóxico específico senón que englobaba sectores peronistas disconformes co pactismo da ortodoxia imperante na CGT e sectores da esquerda revolucionaria abertos á colaboración. A súa definición faise principalmente polos seus métodos antiburocráticos e combatividade.

Chegados a este punto, a cuestión máis interesante no referido á represión é sinalar o seu efecto cohesionador na alianza obreiro estudantil, evidenciando a ambos actores a conveniencia de unificar loitas en prol dun mesmo obxectivo. O feito do citado Santiago Pampillón ser estudante e obreiro dotou dun poderoso símbolo a esta alianza, ademais de exercer como catalizador dunha conciencia política compartida que se viña fraguando desde o goberno de A. Illia. Este é un espazo de contacto entre varios movementos fundamentais no proceso que nos ocupa: o estudantil, o obreiro e o de Sacerdotes para el Tercer Mundo nacido no 1967. Non é casual que neste mesmo ano, o Movimiento de Sacerdotes para el Tercer Mundo, abordado neste traballo, realice o seu primeiro encontro en Córdoba ⁴³.

Esta mobilización intensa que se produce entre 1966 e 1969 non pode ser entendida exclusivamente como unha reacción conxuntural ao autoritarismo militar, senón que se insire nun importante ciclo de mobilización social que abrangue desde 1956 a 1973. Estas case dúas décadas de proscrición xusticialista foron coñecidas como a *Resistencia Peronista*. Non obstante, a etapa propiamente resistente abrangue até 1969. Neste período, prodúcese unha mobilización eminentemente obreira e industrial coa intención de defender os dereitos laborais conquistados durante o primeiro peronismo. A maiores, fráguase a citada alianza proletario-estudantil, determinante para a problemática que nos ocupa.

A segunda etapa comeza en 1969 cun fito, o Cordobazo, que acabou adquirindo carácter case mítico por iniciar un ciclo de *puebladas*. Trátase dun momento explosivo,

⁴³ Gordillo, Mónica “Protesta, rebelión y movilización... pp. 342-348, 367.

unha eclosión de mobilización popular inédita que afrontaba, agora si, o réxime militar na súa totalidade. Os repertorios de acción, formas de protesta e de organización desta constitúen tamén unha importante innovación. Agora, a protesta baséase nunha confluencia de movementos con cada vez maior contido barrial de base, alleo ás estruturas orgánicas do peronismo, sobre as cales recaera o protagonismo mobilizadorio anterior. A nivel represivo cómpre resaltar a aparición sistemática do Exército nas labores represivas. Isto provoca dúzias e até centenas de detencións como forma rutinaria de desartellar a protesta. Como exemplo máis prominentes, en Córdoba en maio de 1970 son detidos 1500 estudantes no marco das conmemoracións do aniversario do Cordobazo ⁴⁴.

Unha terceira etapa abrírase a partir do 1971, cando R. M. Levingston é substituíndo por Agustín Lanusse despois do estourido cordobés do *Viborazo*, até 1973, coa creación do Gran Pacto Nacional (GAN) e anuncio de eleccións sen proscripción. Este supón o paso definitivo dunha cultura de resistencia a unha idea de ofensiva íntegra. Neste contexto, dita ofensiva non abrangue unicamente o goberno, senón tamén os grupos económicos protexidos por este. Así, as experiencias guerrilleiras previas como o Ejército Guerrillero del Pueblo do *Comandante Segundo Masetti* ou os Uturuncos foron reinterpretadas abandonando a táctica foquista. A incapacidade para derrubar o réxime por parte desta mobilización popular caracterizada pola súa espontaneidade derivou na organización e planificación da violencia, tanto co obxectivo de enfrentar a política represiva gubernamental como método de toma do poder. No proceso de normalización da vía armada cara o poder posúe ante a opinión pública dúas fontes de leximitación. A primeira é a violencia institucional e represiva por parte do Estado. A segunda o aval do Xeneral Perón ás organizacións armadas. Así é como nacen as principais organizacións guerrilleiras na Nova Esquerda arxentina, concebidas como o brazo militar dos movementos populares, nun momento de busca de novas vías políticas ⁴⁵. Sobre o proceso concreto de xestión e desenvolvemento destas organizacións afondaremos máis adiante.

Outro punto relevante a sinalar ao respecto do *Viborazo* é a converxencia entre líderes sindicais e as principais organizacións armadas. Esta converxencia posibilita a renovación dos repertorios de acción mobilizatoria como a ocupación de fábricas coa toma de reféns. É notábel o exemplo da FIAT, onde os sindicatos conseguen a vitoria

⁴⁴ Califa, Juan Sebastián e Milán, Mariano, “La represión en la Universidad ... p. 16

⁴⁵ Gordillo, Mónica, “Protesta, rebelión y movilización... pp. 332-337

apesar das ameazas de intervención por parte do Exército ⁴⁶. Isto exemplifica a aparición dun problema de eficiencia nas tácticas represivas para o réxime militar. A forza bruta pode resultar contraproducente ademais de conceder vitorias simbólicas moi valiosas ás organizacións armadas que se insiren nestas mobilizacións. Isto determina a viraxe cara novas prácticas a partir de 1971 que se intensificaran entre 1973 e 1976.

Agora durante o GAN, co obxectivo de apaciguar a tensión social, o goberno emprega unha actitude máis dialogante combinada cunha represión máis selectiva destinada a debilitar organicamente aos seus interlocutores. É neste momento cando se produce a detención de importantes líderes sindicais como Agustín Tosco ⁴⁷. O principal trazo a destacar da nova política represiva é a participación de elementos parapoliciais ilegais combinada coa represión difusa legal de masas previa. O novo repertorio de acción represiva contempla agora a desaparición forzada, a irrupción con disparos en asembleas, incendio e atentados con explosivos de locais presuntamente afíns á militancia *subversiva*. Isto era realizado en connivencia ou mesmo colaboración policial. A estas actuacións cómpre adicionar a represión masiva como a detención de entre 1200 e 1500 estudantes en Tucumán durante o *Quintazo*, incluído o asasinato dun deles ⁴⁸.

Esta represión é levada a cabo por grupos parapoliciais con denominacións varias como Comando Caza Comunistas, Grupo de Argentinos Unidos, Acción Nacionalista Argentina, Organización Nacional Armada Secreta, Comando Revolucionario Anticomunista ou Comando Policial de la Muerte ou a Concentración Nacional Universitaria. Estes grupos estaban formados principalmente por militantes da extrema dereita nacionalista, incluída a peronista. Posteriormente este *mare magnum* converxería na coñecida Alianza Anticomunista Argentina (Triple A) ⁴⁹.

O barniz legal dalgúns procesos consistiu na xudicialización através da Cámara Federal de lo Penal, na que eran xulgados os acusados de subversión. Cabe mencionar que o concepto de subversión non foi só unha ferramenta discursiva senón que foi a tipificación dos delitos relativos á orde pública. Esta *cámara del terror*, como foi chamada

⁴⁶ Ibid. 369-371

⁴⁷ Agustín Tosco (1930-1975) foi un líder do sindicalismo combativo organizado na CGT de los Argentinos. Foi dirixente no gremio de Luz y Fuerza, un dos gremios con maior capacidade mobilizatoria. En virtude disto, foi un axente fundamental na organización do *cordobazo*, motivo polo cal é encarcerado.

⁴⁸ Califa, Juan Sebastián e Milán, Mariano. “La represión en la Universidad ... pp. 18-19

⁴⁹ Ibid. p. 17

popularmente, procesou a máis de 1200 persoas. Estes reclusos confesaron delitos baixo torturas e foron retidos en lugares *irregulares*, como o buque Granadero da Armada, instaurando un *modus operandi* que se desenvolverá profusamente nos períodos posteriores ⁵⁰.

Como vemos, o encaixe legal destas accións é difuso, pois combina elementos paraestatais coa acción policial e xudicial. Ao mesmo tempo, esta actuación non se ampara en garantías constitucionais, senón que se encauza por vías militares. Por tanto, a represión durante o réxime militar entre 1966 e 1973 caracterizouse pola innovación nos seus métodos. Responde á necesidade de aplacar unha mobilización social crecente e un maior nivel de organización e sofisticación desta, que agora inclúe, por partes dalgúns sectores, a acción violenta contra a propiedade privada, o Estado e a vida dos seus defensores.

4. AS ORGANIZACIÓNS ARMADAS (MONTONEROS, ERP, FAR)

No anterior punto foi contextualizado no seu marco temporal algunhas das claves da violencia política entre 1966 e 1973. Como xa foi avanzado, a violencia guerrilleira aparece nun contexto de conflito sindical así como nos conflitos de natureza popular, dos cales pretende tomar a vangarda.

Neste primeira idea exposta considero necesario facer unha chamada de atención sobre o que isto significa. A coincidencia non expresa causalidade. Considerar pois a mobilización social como o contexto dentro do cal nace a organización guerrilleira non significa que a mobilización social sexa a causante da violencia política ⁵¹. Isto sería admitir que toda mobilización social é susceptible de ser calificada como *terrorista*, aceptando así o relato militar xustificatorio da represión. A maiores, seguindo esta liña argumentativa, se todo ciclo de mobilización social significase a xestación de grupos armados sería pertinente buscarmos unha explicación sobre por que non xurdiron noutros contextos de grandes estoupidos sociais. Por outra banda, isto serviría para xustificar xustamente o oposto. Se a organización guerrilleira é froito inmanente da mobilización social, destinada simplemente a organizar a violencia popular, sería afirmar que a guerrilla ocupa por forza o posto de vangarda desta mobilización debido á súa

⁵⁰ I Califa, Juan Sebastián e Milán, Mariano. “La represión en la Universidad... pp. 17-18

⁵¹ Gordillo, Mónica, “Protesta, rebelión y movilización...” p. 364

superioridade organizativa. Esta tese é dificilmente conxugable coa experiencia histórica latinoamericana e da propia Arxentina. Internacionalmente, as experiencias guerrilleiras teñen existido tanto en períodos de mobilización como de desmobilización.

4.1 Puebladas: contexto da eclosión da guerrilla

O accionar guerrilleiro posto en marcha neste período está relacionado coas formas de protesta que se desenvolven por parte dos sectores máis combativos da sociedade arxentina. Para comprender ambas cuestións, así como as características en común é preciso recorrer aos episodios nos que se manifesta esta mudanza de repertorio así como de estruturación da protesta. Estes episodios son as *puebladas* que se suceden desde 1969 até 1972.

Se falamos das *puebladas* falamos do *Cordobazo*. Como xa foi dito, esta protesta inicia un ciclo de mobilización nacional. Este ciclo de protesta comparte algunhas características relevantes coa acción guerrilleira. A maiores, resulta fundamental non só como un mito da loita popular, senón que neste *caldo de cultivo* as organizacións guerrilleiras comezan a posicionarse estratexicamente cos demais movementos, que non partidos, que viñan mantendo as posicións máis combativas contra a ditadura.

Nos meses previos ao *cordobazo* foron clausurados centros veciñais de alfabetización, aumentáronse os impostos municipais de Córdoba e no caso das fábricas foi eliminado polo goberno o coñecido como *sábado inglés* (fin da semana laboral no mediodía do sábado) e negouse a posibilidade de recuperar a mediación sindical. Isto provocou unha asemblea masiva dos traballadores da FIAT integrados no sindicato clasista SMATA, coa represión e enfrontamentos derivados. A maiores, a nivel nacional desenvolvíanse mobilizacións estudantís, especialmente nas provincias. Nas semanas previas foron asasinados tres estudantes no transcurso de protestas. O correntino Juan José Cabral morre en Corrientes e Adolfo Bello e Luis Norberto Blanco en Rosario, cando protestaban polo asasinato do primeiro. Esta semana coñecida como *semana rabiosa* foi o preludio doutras tantas *semanas rabiosas* que lle sucederían ⁵².

A resposta a esta situación por parte das centrais sindicais foi a convocatoria de paros ao longo do territorio nacional. As seccións provinciais presionaron ás dúas centrais sindicais (CGT Azopardo e CGT de los Argentinos) para convocar paros nacionais. A

⁵² Gordillo, Mónica, “Protesta, rebelión y movilización...” pp. 350-351

detención do secretario xeral da CGT de los Argentinos e adepto da Tendencia Revolucionaria, Raimundo Ongaro, precipita a convocatoria de “paros activos” de 24 horas a nivel nacional para o 30 de maio. No caso cordobés, ambas centrais coincidiron en anticipar a convocatoria para o día 29 e amplialos a 48h ⁵³.

No primeiro día da convocatoria interveu o exército tentando dispersar as columnas de traballadores, resultando morto o operario da IKA-Renault Máximo Mena. Este suceso inflamou a tensión social provocando o repregamento da policía e exército, e con isto, a expulsión das forzas estatais da cidade de Córdoba, que pasa a estar fechada por barricadas estudantís. Este grupo foi o que máis fincapé fixo na súa resistencia ocupando os principais barrios estudantís. Finalmente, unha actuación militar contundente puxo fin a esta revolta. As consecuencias máis inmediatas foi a toma da cidade polos militares, o arresto dos líderes sindicais como Agustín Tosco (CGTA) e o asalto ás sedes.

Porén, as consecuencias máis notorias foron as experimentadas a nivel político-social. Aínda que o compoñente insurrecional ou revolucionario do *cordobazo* foi menor, evidenciou o descontento coa dictadura. Este descontento contaba con tres factores estimulantes de mobilización: unha identidade popular cohesionada, un sentimento de inxustiza e agravio e unha percepción de poder mudar esta situación ⁵⁴.

Os ecos do *cordobazo* foron numerosos, sendo o *rosariazo* de setembro dese mesmo ano un dos exemplos máis destacábeis. En Rosario a protesta estivo liderada polo sindicalismo ferroviario e as organizacións estudantís. Durante tres días protagonizaron ocupacións de fábricas, queima de instalacións de ferrocarril, sabotaxe, atentados con explosivos e os consecuentes disturbios. A intensidade da revolta provoca a declaración de Estado de Sitio e a militarización dos ferrocarrís. Así, creouse un marco insurrecional urbano que estendeu protestas a Santa Fe, Buenos Aires e Córdoba. Esta idea é fundamental para comprender a estratexia guerrilleira nos sucesivos anos, pois dá argumentos aos defensores da insurrección popular liderada política e militarmente pola guerrilla.

A nivel táctico, o repertorio de accións da guerrilla tamén se nutre destas experiencias grazas ao seu contacto co tecido barrial e sindical. A partir do *cordobazo*, as

⁵³ Gordillo, Mónica, “Protesta, rebelión y movilización...” pp. 352-355

⁵⁴ Gordillo, Mónica, “Protesta, rebelión y movilización...” pp. 355-357

accións estarán caracterizadas pola espontaneidade, o que permite unha autonomía de base ampla con respecto aos plans da dirección ou conducción. Outra característica é disruptividade. Isto implica a irrupción nos centros de traballo paralizándo a produción co obxectivo de permitir que sexan os obreiros os que tomen a iniciativa da mobilización. Así, lévase o conflito das rúas ao centro de traballo, cuestionando tanto as autoridades sindicais como as fabrís ⁵⁵.

4.2 Orixe, ideoloxía e concepción da violencia nas organizacións armadas (FAR, Montoneros e ERP)

No presente punto abordaremos a irrupción pública das organizacións guerrilleiras, centrándonos nos exemplos de Montoneros, Ejército Revolucionario del Pueblo e das Fuerzas Armadas Revolucionarias. Cómpre advertir que usaremos a categoría de guerrilla para referirnos a estas tres. Porén, Montoneros e FAR inscríbense dentro das OAPs (Organizaciones Armadas Peronistas) así como das organizacións político-militares, isto é, aqueles que non establecen distincións organizativas entre os brazos e a praxe política e a militar. Pola contra, o ERP estivo asociado, en maior ou menor medida, á dirección política do Partido Revolucionario de los Trabajadores (PRT) creando un Partido e un Exército diferenciados. De filiación unicamente marxista, con diferentes correntes na súa traxectoria, non adheriu á identidade peronista. Isto non impediu a súa colaboración coas demais organizacións armadas.

Presentado o obxecto de análise, tentaremos resolver as cuestións principais con respecto á adopción da loita armada así como da concepción da violencia nestas organizacións. Así, buscamos achegarnos ao obxectivo de comprender a xestación da violencia que protagonizou a vida política desta e posteriores etapas.

En primeiro lugar, podemos e debemos establecer un corte cronolóxico a partir do ciclo aberto co *cordobazo*, cuestión xa adiantada. É nestes anos previos onde podemos rastrear a semente da guerrilla na Arxentina. Así, encontramos varias experiencias que resultan decisivas na conformación das guerrilla. No aspecto militar cabe resaltar a sección arxentina do ELN e Uturuncos. No aspecto político e ideolóxico MIR-Praxis, grupo encabezado polo citado Silvio Frondizi, e o grupo ligado a *Cristianismo* y

⁵⁵ Ibid. pp. 359-363

Revolución de Juan García Elorrio, que permitiu a o tránsito e síntese do cristianismo postconciliar coas causas populares e a guerrilla de inspiración cubana ⁵⁶.

Sen profundizar nos grupos armados previos, podemos sinalar a súa relevancia en varios aspectos. En primeiro lugar, a construción de redes de apoio experimentadas que serían reactivadas ao redor de 1969 en apoio ás novas organizacións. Tal sería o caso de Uturuncos, primeira guerrilla peronista de tipo foquista, cuxos exdirixentes participan de creación de redes armadas peronistas en Tucumán para o *non nato* ELN-Inti Peredo, das cales nacen as FAR en 1970 ⁵⁷. No caso do Ejército de Liberación Nacional (ELN) tivo dúas consecuencias. Unha primeira consistiu na tentativa de constitución dun foco guerrilleiro con vocación continental baixo a tutela de Guevara. Entendamos isto como as propias FAR o facían, como unha etapa de aprendizaxe superada no desenvolvemento das experiencias guerrilleiras ⁵⁸. Unha segunda, xa após a morte de Guevara e o seu reagrupamento en 1968 e 1969 baixo o liderado de *Inti* Peredo, quen sobrevivira ao Ñancahuazu. Este impás serviu para adaptación e reformulación da experiencia acumulada por estes guerrilleiros cara organizacións de novo tipo como, neste caso, as FAR.

Por tanto, existen xa grupos no inicio do ongiato que propugnan e desenvolven a guerrilla. A matriz ideolóxica destes grupos é variada e difusa. Como adiantamos, existen grupos escindidos do MIR-Praxis así como do PC e a Federación Juvenil Comunista (FJC) ⁵⁹. Grupos que podemos identificar máis facilmente coa Nova Esquerda. Por outra banda, existen grupos peronistas (sen maior adxetivación) con John William Cooke como referente grazas á relación deste con Cuba. Por último, os católicos postconciliares e estudantes reformistas. Para estes militantes, o ano 1966 supón un primeiro punto de inflexión, que fai que avoguen por métodos guerrilleiros desbotando o golpe militar peronista ou o pacto coas Forzas Armadas. Así, por mediación de Cooke, en 1966 encontramos ao redor de 100 arxentinos recibindo adestramento militar en Cuba. En 1967 chegan á illa caribeña os fundadores dos Comandos Camilo Torres. Os *camilos*

⁵⁶ Ponza, Pablo, *Los intelectuales críticos ...* pp. 290-301

⁵⁷ González Canosa, Mora, *Los futuros del pasado. Una historia de las FAR. Marxismo, peronismo y Revolución*, Buenos Aires, Prometeo libros, 2021, pp. 109-112. Consultábel en <https://elibro-net.ezbusc.usc.gal/es/lc/busc/titulos/189064>

⁵⁸ *Ibid.* p. 96

⁵⁹ Carlos Olmedo participa desta guerrilla após abandonar o FJC. En 1970 funda as FAR, asumindo o seu liderado até a súa morte en combate en 1971. Analizar figuras coma el permite trazar continuidades así como ruturas históricas ademais de constituir exemplos visibles destes procesos.

serían os futuros Montoneros. Resulta importante a mera identificación co cura guerrilleiro colombiano ⁶⁰.

Deste xeito, chegamos á situación abordada no punto anterior: a eclosión popular de 1969. Nestes anos fracasou definitivamente a experiencia foquista rural por varios factores. O primeiro é evidente é a derrota militar. O segundo son os debates internos froito dos limitados avances conseguidos. O terceiro son as diferentes conxunturas políticas nacionais, que dificultan o programa continental. Por unha banda existe unha expectativa positiva con respecto ao triunfo electoral de Salvador Allende, o cal entraña un debate político acerca do socialismo e a democracia, Perú (Velasco Alvarado, 1968) e Bolivia (Ovando Candía, 1969) que coñecen réximes militares nacionalizadores. Pola súa banda, Arxentina vive unha ditadura reaccionaria. En relación con isto, Cuba cara o ano 1968 relega o seu proxecto continental exportador da Revolución para supeditarse á URSS. Estes factores conflúen nunha perspectiva nacional da guerrilla ⁶¹.

No caso arxentino, o ano 1969 resalta enormemente varias cuestións centrais na estratexia revolucionaria. En primeiro lugar, fai valorar ao proletariado urbano arxentino como un suxeito revolucionario de primeira orde. En segundo, expresa as posibilidades e os límites da estratexia insurrecional. En terceiro e último, manifestou un punto de rutura popular coas estruturas sindicais e políticas do peronismo e a súa estratexia pactista e resistencialista. A aparición xeralizada da violencia popular supón un catalizador para a actividade guerrilleira. As propias FAR asumen unha reformulación estratéxica a raíz do *cordobazo* e o crecemento do grupo e a súa actividade armada a partir deste episodio ⁶².

Esta *nacionalización* da guerrilla guevarista no ámbito estratéxico-militar estivo ligada a outro proceso político-ideolóxico fundamental: a *peronización*. Este novo marco de acción deu a oportunidade de buscar vías *propias* adaptadas á experiencia histórica do movemento obreiro arxentino. Neste sentido, a *peronización* afectou tanto a sectores nacionalistas católicos como da esquerda tradicional dentro dun conxunto global de recolocacións políticas provocadas pola proscrición e a ditadura. É neste contexto no que

⁶⁰ González Canosa, Mora, *Los futuros del pasado...* pp. 96-102.

⁶¹ González Canosa, Mora, *Los futuros del pasado...* p. 112

⁶² El Topo Blindado, “Reportaje a las FAR. Los de Garín” en *Cristianismo y Revolución*, nº 28, 1971, pp. 2-4. Consultábel en <https://eltopoblindado.com/opm-marxistas/fuerzas-armas-revolucionarias-far/reportaje-a-las-far-los-de-garin/>

se dá o achegamento entre a Nova Esquerda e o peronismo, exercendo unha influencia recíproca e creando un ámbito de converxencia. É así que nacen as FAR ⁶³.

4.2.1 A aposta guerrilleira das FAR

Tanto nas Forzas Armadas Revolucionarias como outras organizacións encontramos sempre unha herdanza das concepcións previas como unha dose de innovación froito da situación política cambiante. Dito grupo nace a principios de 1970, adicando até xullo á súa preparación. O día 30 de dito mes de 1970 aparecen publicamente co copamento de Garín, inmortalizado na reportaxe *Los de Garín* publicado en *Cristianismo y Revolución* ⁶⁴.

O cerne ideolóxico deste grupo consite na asunción da identidade política peronista desde unha visión marxista. Isto é, interpretan a clase obreira arxentina como o suxeito con maior potencial revolucionario para a consecución do socialismo na Arxentina como obxectivo último. Consecuentemente, critican a natureza burguesa do peronismo, calificándoo de distributivista e en parte demogóxico. Porén, entenden que o marco histórico da loita e concienciación obreira na Arxentina é o movemento xusticialista. Ao longo da proscripción e ditadura, o carácter operario deste tería sido revelado polas contradicións manifestadas na conflitividade popular. Asumen, por tanto a clase obreira peronista como suxeito da liberación nacional. Neste sentido, enténdese o peronismo como unha experiencia no desenvolvemento histórico da *clase revolucionaria* e as *puebladas* como un *momento* insurreccional dentro deste. Así, asumen esta identidade de foma crítica co movemento xusticialista, co seu líder e coa súa estrutura, só en canto é popular mais non revolucionario. Trátase pois máis dunha ferramenta que dunha doutrina ⁶⁵.

Unha vez exposta a situación ideolóxica, podemos dar paso á concepción da guerrilla por parte desta organización. A suma destes dous elementos explica o porqué da violencia guerrilleira. Máis adiante, repararemos en como se artella esta e en virtude de que criterios.

⁶³ González Canosa, Mora, *Los futuros del pasado...* p. 35

⁶⁴ El Topo Blindado, “Reportaje a las FAR...” Consultábel en <https://eltopoblindado.com/opm-marxistas/fuerzas-armas-revolucionarias-far/reportaje-a-las-far-los-de-garin/>

⁶⁵ González Canosa, Mora, *Los futuros del pasado...* pp. 23, 178-187

En primeiro lugar, existe un concepto leninista fundamental que é o de vangarda. Nas teses das organizacións político-militares o exército guerrilleiro há ocupar a posición de vangarda, no sentido político e militar, da clase revolucionaria. Neste sentido, as FAR presentan unha idea recorrente de encontro coas masas para así transmitir o seu programa revolucionario e a metodoloxía para o seu desenvolvemento. A importancia desta vangarda residía para as FAR na capacidade desta de converter o peronismo nun movemento revolucionario, pois a carencia dunha vangarda de clase obreira durante a Resistencia Peronista impedira a conformación deste como tal. Máis unha vez, encontramos aquí o *cordobazo* e as *puebladas*, pois para estas organizacións configurar esta vangarda supuña un mandato popular á luz da desorganización e falta de estratexia do proletariado. Así, a súa tarefa central ao respecto sería a de integrar estes episodios na estratexia guerrilleira clandestina sumando pobo á guerra ⁶⁶.

O cerne da súa estratexia, como a do resto de guerrillas, era a guerra popular prolongada. Desde o seu punto de vista era unha adaptación ao seu contexto histórico e xeográfico do leninismo, pois o imperialismo americano imposibilitaba a vía insurreccional, ao soste militar e economicamente os Estados burgueses. Por isto, o Exército Popular é o único que pode destruír o Exército burgués. Sobre esta idea fundamentan a construción da organización político-militar, considerando que cada acto militar é político, pois o inimigo é interno. A destrución do inimigo non implica a súa expulsión do territorio, senón a súa expulsión do poder. O triunfo de tal Exército permitirá crear o Partido de vangarda. Como vemos, mantén boa parte da herdanza guevarista ⁶⁷.

O desenvolvemento teórico exposto permítenos comprender o mecanismo político que leva a un grupo de persoas a artellar ou sumarse a unha organización guerrilleira, neste caso, as FAR. Non obstante, non reviste menor importancia para o obxectivo deste traballo os mecanismos polos cales esta violencia é lexitimada ante a sociedade.

As FAR, ao igual que Montoneros, dá os seus primeiros pasos como grupo fechado actuando de forma illada até 1971, demorando até 1972 a consolidación das súas redes militantes. Para exemplificar o seu actuar nestes inicios podemos referenciar o propio copamento de Garín. Esta acción consistiu na ocupación dos principais edificios (comisaría e banco) desta cidade tacticamente escollida pola súa facilidade de fuxida

⁶⁶ González Canosa, Mora, *Los futuros del pasado...* pp. 118-120, 187.

⁶⁷ *Ibid.* pp. 185-186

rápida. Este tipo de accións tiñan un duplo obxectivo. Por unha parte perseguían un fin material na *expropiación* de subministros militar, e por outra parte tiña un fin político, evidenciando a debilidade militar do inimigo e a posibilidade de ser superado por unha forza popular ⁶⁸. Vemos así como o propio feito é a propaganda. Esta concepto é tomado do MLN-Tuparamos do Uruguai ⁶⁹.

Nestes período que nos aborda, a súa estratexia é esencialmente armada, abandonando a actividade política previa. Isto explícase polo seu illamento autoimposto e pola intención de especializarse militarmente. Partindo da anterior premisa de que todo acto militar é político, busca através disto incorporar o pobo á guerrilla. Os seus obxectivos nesta fase serían fortalecer as OAP e radicalizar as masas ⁷⁰.

A lexitimidade para levar adiante estes actos ante as masas tiña dous puntos fortes na traxectoria política das FAR. Estas recollen e integran as experiencias da Resistencia Peronista coas da guerrilla guevarista. Por unha banda, seguían o camiño do Che. Pola outra, eran soldados de Perón. É unha forma de entroncar este nova metodoloxía violenta coa loita histórica de Latinoamérica e Arxentina pola liberación nacional ⁷¹.

4.2.2 A particularidade de Montoneros

O proxecto de Montoneros reviste especial interese pola heterodoxia ideolóxica que presenta debido aos seus aportes ideolóxicos. Primeiramente, identifícase como parte do movemento peronista. Secundariamente, insírese da Nova Esquerda adoptando as súas tácticas e preceptos básicos así como o horizonte socialista. Finalmente, o grupo fundador ten a súa orixe na radicalización de militantes cristiáns que transitan igualmente o susodito descrito proceso de *peronización*. Existe neste momento unha xiro internacional da clase media Os propios militantes eran conscientes deste proceso, cun grande contido xeracional. Vémolo expresado nalgún *cantito* como o seguinte: *San José era radical y María socialista, y parieron un hijo montonero y peronista!* ⁷².

⁶⁸ González Canosa, Mora, *Los futuros del pasado...* pp. 124, 190.

⁶⁹ Os *tupamaros* uruguaios foron unha fonte de formación importante para numerosas guerrillas. Ao mesmo tempo, a publicación en 1969 do *Minimanual do guerrilheiro urbano* do brasileiro Carlos Marighella foi un documento chave na circulación de ideas e repertorios de acción a nivel mundial.

⁷⁰ González Canosa, Mora, *Los futuros del pasado...* pp. 192-201

⁷¹ *Ibid* . 188.

⁷² El Ortiba, *Cantitos de los 70*. Consultábel en <http://www.elortiba.org/old/cantitos.html>

Tal orixe encontrámola no grupo político desenvolvido a partir do entorno da revista *Cristianismo y Revolución*. Segundo o autor Esteban Campos, esta revista dirixida por J. García Elorrio tiña como obxectivo a radicalización do lector cristián ⁷³. Esta radicalización tería o sentido ideolóxico de identificarse co peronismo como opción popular orientada ao socialismo e o obxectivo táctico de dar o paso á loita armada. Existe aínda un debate acerca de se esta identidade peronista foi asumida desde o inicio da revista en 1966 ou se foi adquiríndose durante o onganíato ⁷⁴.

Contextualmente, a fundación de dita revista dáse nun momento de crise de valores e de lexitimación da política tradicional. O golpe de J.C. Onganía e a súa represión, como xa foi exposto, conleva un deslizamento cara posicións a favor da forza en diversos grupos que se encontran na oposición ao réxime militar ⁷⁵. Como podemos deducir, da primeira crise derívase os seus consecuentes movementos reformistas. Co mesmo razonamento, conclúese que da segunda crise afloran os resultados das ruturas. Neste caso, Montoneros sintetiza esa rutura múltiple.

En calquera caso, ao longo desta publicación é apreciable a incorporación paulatina de elementos orientados difusión da loita armada. Isto faise mediante unha *cristianización* do Che como un sacrificado polos pobres. Así, faise entre o público cristián unha “pedagogía da necesidade da Revolución violenta”. Para comprender este espazo de converxencia cómpre contextualizalo dentro do Diálogo Católico-Marxista, o cal se dá ao longo da década dos 70 en Europa e ten importantes consecuencias en Latinoamérica. Para comprender o seu contido, é preciso atender a unha serie de factores dados no ámbito da eclesiástico e político ⁷⁶.

Continuando este fío, este diálogo suscitou a violencia como unha posibilidade a concebir no caso de flagrante inxustiza. Os factores relixiosos trala radicalización destes sectores foron a Nova Teoloxía e as encíclicas *Mater et Magistra* (Xoán XXIII, 1961) e *Progressio populorum* (Paulo VI, 1967) xunto coas resolucións do Concilio Vaticano II

⁷³ Campos, Esteban, *Cristianismo y revolución. El origen de Montoneros. Violencia, política y religión en los 60*, Buenos Aires, EDHASA, 2016 citado en Salcedo, Javier, “De Los Camilos a los Comandos Peronistas de Liberación en los orígenes de Montoneros” en *Revista de Historia Social y de las Mentalidades*, Santiago de Chile, Universidad de Santiago de Chile, vol. 22, nº 2, 2018, pp. 201-202

⁷⁴ Salcedo, Javier, “De Los Camilos a los Comandos Peronistas de Liberación en los orígenes de Montoneros” en *Revista de Historia Social y de las Mentalidades*, Santiago de Chile, Universidad de Santiago de Chile, vol. 22, nº 2, 2018, pp. 201-202 Consultábel en <https://www.revistas.usach.cl/ojs/index.php/historiasocial/article/view/3648>

⁷⁵ Ponza, Pablo, *Los intelectuales críticos*. . p. 289

⁷⁶ Salcedo, Javier, “De Los Camilos... p. 203

(1962-1965). No caso latinoamericano, a Conferencia de Medellín do Consejo Episcopal Latinoamericano de 1968 estableceu unha liña favorábel á opción polos pobres. Neste contexto xorden referentes a nivel latinoamericano para aqueles grupos radicalizados. Así o vemos na Arxentina. O primeiro destes referentes é Camilo Torres Restrepo, crego guerrilleiro colombiano e teórico do *Amor fraterno*. Este icono inspira o nacemento do Comando Camilo Torres, o primeiro grupo radicalizado cristián que prepara a loita armada entre 1966 e 1967 na Arxentina. Estes dous anos resultan clave. Primeiramente morre Camilo Torres e Che Guevara. En segundo lugar, fúndase a revista e prodúcese o golpe de Onganía. E en terceiro lugar, Cooke e Elorrio participan na Habana da Organización Latinoamericana de Solidaridad (OLAS), actuando estes dous como organizadores do grupo ao tempo que difusores das súas ideas. No primeiro número da revista *Cristianismo e Revolución* xa vemos unha identificación con ambos. Nestes grupos participan importantes fundadores e *conductores* de Montoneros como Mario Firmenich ou Fernando Abal Medina ⁷⁷.

Con todo, asumida os principios guerrilleiros, a herdanza guevarista e natureza cristiá, aínda sumarían á síntese a identidade política peronista. Neste proceso de *peronización* particular, exerceron especial influencia Carlos Mugica e os sacerdotes terceiromundistas. Estes sacerdotes achegáronse aos pobres ao mesmo tempo que aos estudantes. Deste xeito, en virtude co seguimento da opción preferente polos pobres da Igrexa católica predicada polo Papa Xoán XXIII, asumiron a identidade política destes: o peronismo ⁷⁸. Así foi como o Comando Camilo Torres pasou a ser os Comandos Peronistas de Liberación, os cales asumían un programa socializante proclamado revolucionario así como a conducción de Perón, quen habería de levalo a cabo ⁷⁹.

En último lugar debemos considerar que o que derivou na acción violenta foi unha parte do cristianismo reformista adherido a *Cristianismo y Revolución*, moitos outros non deron ese paso. Mais con todo, unha vez clarificado o percurso ideolóxico pódese entender a xestación de Montoneros entre 1966 e 1970 no marco da radicalización xeral, co extra de lexitimidade que lle dá a bendición por parte dun movemento sacerdotal. Se

⁷⁷ Salcedo, Javier, “De Los Camilos... pp. 200-213

⁷⁸ Ponza, Pablo *Los intelectuales críticos ...* pp. 289-292

⁷⁹ Comandos Peronistas de Liberación, *Manifiesto de los Comandos Peronistas de Liberación*, 1967. Consultábel en https://cedema.org/digital_items/6387

as FAR contaban co Che e Perón, o grupo liderado por Firmenich contaba co Che, Perón e Camilo Torres ⁸⁰.

En relación con anterior, varios autores teñen sinalado como un éxito de *Cristianismo y Revolución* a difusión dun *ethos* guerrilleiro que impregnou Montoneros que bebe do postconciliarismo de esquerda, do guevarismo e os mitos da tradición peronista. Podemos sintetizalo na autoidentificación como unha épica *soldados de Perón* os que *son* e fan a Revolución ⁸¹.

Neste sentido, a noción da morte heroica por unha causa permitiu enlazar a Cristo co Che Guevara. Dentro desta mentalidade, a morte en combate non supuña senón pasar á historia da humanidade como parte da humanidade que se sacrificou para construír o *Home Novo*. Este sentido cristián da morte e a violencia como un sacrificio terrenal ante unha loita transcendental estivo marcada na súa base polas formulacións de Franz Fanon en *Os condenados da Terra* e Fidel Castro. Fanon consideraba que a violencia do oprimido tiña unha capacidade de liberación persoal para este. Fidel afirmaba a imposición dos métodos violentos por parte dos imperialistas, non como unha opción dos pobos oprimidos. Enténdese así a violencia revolucionaria como unha imposición histórica ao mesmo tempo que un xesto de amor polos oprimidos. Esta noción de amor como *violencia creadora* é interpretada a partir de Camilo Torres exemplificado na máxima *Un pueblo que entrega hasta la muerte siempre logra su victoria* ⁸².

Seguindo con estas formulacións, Montoneros irrompe na escea pública co secuestro e asasinato do Teniente-Xeneral Pedro Eugenio Aramburu. Coincidindo co día das Forzas Armadas, guerrilleiros montoneros disfrazázanse de militares para facerense pasar por escolta persoal de Aramburu. Tres días despois é asasinado. Lembremos que tal personaxe fora presidente *de facto* entre 1955 e 1958 sendo o impulsor dunha agresiva *desperonización*. No aspecto político, este acto supón unha golpe propagandístico claramente entroncado coa Resistencia Peronista a modo de *xustiza popular*. No aspecto operativo, transmite unha capacidade de atacar obxectivos do inimigo moito maior da que realmente tiñan, pois Montoneros escasamente contaba cunha ducia de militantes ben conectados en Córdoba. A consecuencia inmediata desta acción foi o reemprazo de J.C.

⁸⁰ Ponza, Pablo *Los intelectuales críticos* ... p. 292

⁸¹ Salcedo, Javier, "De Los Camilos" ... p. 209

⁸² Slipak, Daniela, *Las revistas Montoneros. Como la organización construyó su identidad a través de sus publicaciones*, Buenos Aires, Siglos Veintiuno Editores, 2015, pp. 33-43

Onganía por Levingston. Este último comezará unha política en certa medida mais dialogante coa intención de aplacar a mobilización. Este relevo supón un triunfo propagandístico para Montoneros. Así, entre 1970 e 1971, o apoio ofrecido polos sacerdotes terceiromundistas así como a intensa mobilización do sindicalismo combativo experimentada até 1971 permite a Montoneros medrar á calor desta efervescencia, tecendo vínculos barriais ⁸³.

Estas accións sostíñanse a efectos de lexitimidade. Podemos facer unha distinción entre *axustizamento* e combate. A primeira reside na idea de xustiza revolucionaria, oposta á xustiza reaccionaria. A segunda baséase na idea de guerra aberta latente. Unha guerra iniciada polos gobernos *gorilas* e que parte da violencia institucional exercida contra o *pobo*. Deste xeito, en virtude da primeira procédese a lexitimar as accións contra represores e *traidores* principalmente, isto é, aquelas persoas que teñen *cargos* polas súas accións contra o pobo. Neste marco podemos inserir os asasinatos de José Alonso, Augusto Timoteo Vandor, José Ignacio Rucci ou Julio Ricardo Sanmartino ⁸⁴. No caso do segundo tipo tratábase das accións de asalto e atentado contra as institucións armadas do Estado ou empresariado imperialista. Neste caso, a propia *Cristianismo e Revolución*, mostra nos seus últimos números un tratamento frío e numérico nos saldos de feridos e baixas destas operacións. Como digo, isto baséase na afirmación da existencia dunha guerra aberta manifestada através da violencia popular constestaria emerxida nas *puebladas*. Porén, cómpre sinalar a moi distinta natureza e características da violencia despregada na mobilización social e a despregada polas organizacións guerrilleiras. Se ben o exemplo de Aramburu é un dos mellores exemplos, este esquema foi transversal ás organizacións guerrilleiras peronistas e da Nova Esquerda ⁸⁵.

4.2.3 Ejército Revolucionario del Pueblo

O Ejército Revolucionario del Pueblo (ERP) foi a guerrilla marxista creada polo Partido Revolucionari de los Trabajadores (PRT). Gaña especial relevancia por varios

⁸³ Gordillo, Mónica, “Protesta, rebelión y movilización...” p.p. 364-365

⁸⁴ Os tres primeiros foron dirixentes do sindicalismo verticalista e pactista, ligados á ortodoxia peronista. O último era director de Cárceres de Córdoba. Nalgúns destas accións a participación de Montoneros é parcial ou non está constatada, mais responden á mesma lóxica, transversal ás demais organizacións.

⁸⁵ Slipak, Daniela, *Las revistas Montoneros...* pp. 43-52

motivos. En primeiro lugar, pola súa identificación clara coa vaga internacional de violencia revolucionaria ligada á Nova Esquerda. En segundo lugar, por ter sido a organización armada que maior desenvolvemento militar acadou. Tanto a nivel técnico como cuantitativo, no relativo ao número da *soldados* como de accións. A nivel cualitativo, estas accións tamén foron, por norma xeral, de maior magnitude e complexidade ⁸⁶.

Como xa foi dito, o ERP foi creado polo PRT, un partido marxista-leninista. Por tanto, cómpre analizar a as orixes do PRT e o sentido desta creación. Nas orixes deste partido encontramos unha fusión de dous colectivos ideoloxicamente diverxentes. Por unha banda, o Frente Revolucionario Indoamericano y Popular (FRIP). O FRIP naceu no 1961 como un grupúsculo de inclinacións indixenistas e ubicábase no nacionalismo popular non marxista. Á fronte deste grupo destacaban os irmáns Santucho. Pola outra temos o grupo Palabra Obrera, vinculado a un trotskismo intelectual liderado por Nahuel Moreno, quen mantíña vínculos co peronismo ⁸⁷. Tendo ambos a súa limitada presenza no norte do país, fúndanse en 1964 e fúndase o PRT en 1965 dando como resultado unha particular idea de marxismo ⁸⁸.

Nestes anos os militantes do PRT participan nas protestas dos cañeiros do sector azucareiro contra o feche dos enxeños, onde comezan a participar tamén sectores estudantís de Tucumán. Este constitúe un dos sectores con maior nivel de explotación e pobreza na Arxentina, concentrado especialmente nas northeñas provincias de Salta, Jujuy e Tucumán. A represión padecida por estes agricultores leva a un debate que, como vimos de expor, xa circulaba entre as redes militantes na altura de 1966: o método de loita armada ⁸⁹.

Para o ano 1968 un sector do partido chamado PRT-*El Combatiente*, aposta definitivamente pola vía guerrilleira ante o que consideraban un exceso de intelectualismo do sector morenista. Deste xeito, comezan a preparar un campamento guerrilleiro en Tucumán. O ano seguinte, 1969, sofren importantes detencións (coñecido como o

⁸⁶ Pozzi, Pablo, *Por las sendas argentinas. El PRT-ERP y la guerrilla marxista*, Buenos Aires, CLACSO, 2022, p. 41 Consultábel en <http://biblioteca-repositorio.clacso.edu.ar:8080/bitstream/CLACSO/168955/1/Por-las-sendas-argentinas.pdf>

⁸⁷ Non é un dato especialmente significativo, pois sería raro que un militante esquerdista non tivese lazos co movemento hexemónico entre a clase traballadora. Con todo, considero pertinente traelo a colación para non esquecer o contexto no que a alternativa marxista se desenvolve.

⁸⁸ Pozzi, Pablo, *Por las sendas argentinas...* p. 115-116

⁸⁹ *Ibid.* p. 42

Desastre de Tucumán) as cales provocan o abandono dos grupos menos convencidos deste camiño. Deste xeito, permanecendo só o sector decididamente guerrilleiro realiza o V Congreso do PRT en 1970 no cal se decide fundar o ERP, sobre o cal o partido exercería a dirección. Esta guerrilla habería de ter un carácter ideolóxico e organizativo máis amplo do que o partido, seguindo así un esquema de Partido-cadros e Exército-masas. Non todos os militantes do PRT tiñan asignadas labores militares, mais para ser militante de pleno dereito era requerido ter participado no mínimo nunha acción armada. A labor do exército era precisamente a de inserir ás masas, entendendo cada acción militar como un acto político e, como xa temos visto, tamén propagandístico e loxístico ⁹⁰.

O PRT enfatizou, debido ás súas carencias teóricas, a importancia da praxe revolucionaria, isto é, armada. Nos anos previos á conformación do ERP, a principal fonte teórica foi o grupo trotskista. Se o contextualizamos nun momento de hexemonía peronista entre a clase traballadora e hexemonía do Partido Comunista entre a intelectualidade marxista, o nacemento do PRT dáse necesariamente na estreita fenda que permitía unha posición crítica con ambos movementos. Como é posíbel pois, que un grupo aparentemente tan limitado a nivel ideolóxico duplicase a súa membresía entre 1970 e 1971?

Para responder á pregunta anteriormente formulada, farei fincapé na súa metodoloxía de traballo social ou *de masas*, através da cal buscaba lexitimar a acción armada. En primeiro lugar cabe advertir, na liña de todo o movemento guerrilleiro, o xiro táctico dado a partir de 1969 cara a *nacionalización* do conflito e o abandono das teses continentalistas. Nun momento analizado como prerevolucionario e de fin da experiencia histórica peronista no seo do proletariado arxentino, inician as súas actividades armadas. A primeira foi en xaneiro e consistiu no asalto ao banco de Escobar a mans de Mario Roberto Santucho, o seu líder. A pesar de todo, o urbano aínda o entendían como complementario do rural. Digamos por tanto que na mentalidade dos guerrilleiros do ERP compría crear o Exército Popular para a Revolución, isto é, a guerra popular prolongada inexorábel ⁹¹.

No ámbito da acción militar o ERP pasou, grazas á suma notoria de militantes, das accións de pequena escala a accións *grande* escala (en termos guerrilleiros, non dun

⁹⁰ Ibid. p. 43, 314

⁹¹ Ibid. pp. 310-313

exército regular) axiña entre 1969 e 1972. Esta é pois unha etapa de lexitimación popular na que busca adhesións e simpatías populares cara o ERP. Así, as accións armadas orientáanse cara *expropiacións* de cargas de alimentos e xoguetes obrigadas a seren distribuídas nas *villas miseria* ou en zonas premeditadas nas que interesara realizar traballo político. Repartir propaganda en lugares provocativos, roubos de armas a axentes... son accións de inicio incruentas que cuestionan tanto a propiedade privada capitalista como o monopolio da violencia por parte do Estado. A maiores, pon na tesitura á policía de exercer a violencia para facer cumprir a lei, confiscando a mercadoría *expropiada* e intervindo agresivamente nestes barrios. Esta actitude un tanto *robinhoodesca* conferiulles enorme popularidade entre os sectores máis humildes ⁹².

En continuación coa praxe exposta, nunha tentativa de achegamento ao proletariado industrial encontramos o suceso do secuestro do cónsul británico honorario Stanley Sylvester e xerente do frigorífico Swift ⁹³. A razón desta acción foi exixir a reincorporación de 800 traballadores despedidos. Con esta acción, o ERP consegue a readmisión dos 800 traballadores, pago de salarios e aínda a entrega dunha cesta familiar a cada traballador. Este episodio exemplifica este éxito propagandístico da acción armada, presentándoa como útil para o avance obreiro. Con todo, estes accionares recorrentes non sempre surtiron este efecto a medida que o Estado se negaba a negociar. O caso de Oberdán Sallustro no 1972 é un exemplo ⁹⁴, causando impopularidade a decisión de matalo, aínda que causara malestar nas corporación multinacionais ⁹⁵.

Neste período pois, o ERP consegue unha inserción notábel especialmente entre os oficios tradicionais máis humildes (*hacheros*, cañeiros do azúcar, operarios fabrís) así como entre o estudantado esquerdista. Este constitúe un dos seus grandes logros, conseguindo efectivizar metodoloxía que permitise implantación guerrilleira. Isto conseguiuuse mediante este accionar propagandístico e a creación de células do PRT nas fábricas entre 1969 e 1970. Por outra banda, derivou nunha autonomización da acción

⁹² Ibid. 315-322

⁹³ A relación histórica de Gran Bretaña co sector cárnico arxentino resulta especialmente simbólica polo seu contido oprobioso para Arxentina en virtude do control imperialista británico sobre este. O pacto Roca-Runciman é un fito neste aspecto.

⁹⁴ Oberdán Sallustro era director da FIAT-Concord en 1972. No marco das mobilizacións do sindicalismo clasista o ERP secuéstroa na *cárcero do pobo* coa intención de forzar a aceptación das demandas sindicais ademais de grandes sumas de diñeiro. Condenado nun *xuízo popular* por “instigar a represión” realizar “prácticas monopolísticas contra a República”, causar a “miseria polos 500 despedimentos” e responsábel da morte de guerrilleiros das OAP a mans da xendarmería nos arredores da fábrica. O seu asasinato foi moi mediático debido á polémica pola difícil xustificación deste acto a ollos de boa parte da sociedade.

⁹⁵ Pozzi, Pablo, *Por las sendas argentinas...* pp. 319-320, 371

armada que prediminou durante este tempo. Para o ano 1973, o ERP carecía de capacidade para desafiar militarmente os piares do Estado, motivo polo cal se sucederan as accións de pertrechamento da guerrilla rural, entrando nunha espiral de asaltos a cuarteis cun impacto insostíbel a nivel militar e político ⁹⁶.

Para concluír a modo de balance, pódese dicir que a influencia na cultura política popular do PRT-ERP foi significativa e ampla, mais non suficiente para desenvolver os seus obxectivos militares e políticos. A lexitimación principal que perviviu en parte da memoria refire unha indeterminación conceptual sobre a guerrilla así como certas simpatías, principalmente relacionadas coa defensa ante a represión estatal así como as accións de achegamento á sociedade por parte do ERP. A maiores, non conseguiron mudar o marco interpretativo da violencia guerrilleira permanecendo as referencias a esta como *subversivos* ou *terroristas*, mesmo naqueles que confesan connivencia con ela. Isto refírenos, en certa medida, unha fenda na asunción dos métodos violentos entre o ERP e as poboacións ⁹⁷. Non obstante, as lóxicas militares derivadas da confrontación armada así como a subcultura axitativa en torno á sociabilidade guerrilleira. Acostumou impedir reformulacións ao respecto. En primeiro lugar pola fuxida cara adiante que significa iniciar un conflito destas características nas que non se presenta ningunha saída negociada, senón a aniquilación do outro. En segundo, pola autopercepción constante do guerrilleiro como exemplo apoiado polas masas ⁹⁸.

5. CONCLUSIONES

A modo de conclusión cómpre resaltar os principais factores que determinaron a aparición da violencia guerrilleira. Estes factores preséntanse tanto a nivel internacional como nacional, así como son de diversas índoles. Deste xeito, factores políticos, económicos, culturais e relixiosos interrelaciónanse entre si a nivel internacional. No caso da Arxentina, fórxase unha particularidade marcada claramente polo peso que tivo o populismo autóctono, o peronismo, ao longo dun

⁹⁶ Ibid. 308-320

⁹⁷ Pozzi, Pablo, “De frente, hacia las masas” El PRT-ERP y el trabajo de masas” en *Historia Caribe*, vol. 16, nº 39, 2021, pp. 99-100, 114. Consultábel en <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=8010685>

⁹⁸ Iazzetta, Marco, “Los sentidos de la violencia en el discurso y en la práctica del PRT-ERP durante los años 1970-1976 en Argentina” en *POSTData. Revista de reflexión y análisis político*, vol. 21, nº2, 2016. p. 538

proceso de reinterpretacións e recolocacións de carácter político que se explican grazas a factores internos. Nestes procesos, as expectativas e o fracaso teñen un rol moi importante.

Deste xeito, a nivel internacional existen dous factores chave. O primeiro é a vaga internacional da Nova Esquerda. Esta vaga configúrase a partir de 1956 coa rutura sino-soviética. Ten como consecuencia o descrédito da URSS como referencia revolucionaria ante a súa política de convivencia, polo que se reformula o marxismo, até ese entón vinculado ás directrices do PCUS, na busca de novas receitas para a Revolución socialista ao redor do globo. O segundo factor é a Revolución Cubana, que en relación co anterior, vén ofrecer un modelo efectivo para a conquista do poder mediante as armas. Deste xeito, o pensamento guevarista xunto as guerra de liberación das colonias, chamado Terceiro Mundo, de Alxeria e Vietnam ofreceron un exemplo a seguir na metodoloxía, e sobretudo, alentaron a idea que defendía Guevara: o imperialismo pode ser derrotado por un exército popular. Concíbese posíbel derrotar o imperialismo mediante as armas.

As descolonizacións e o avance do campo comunista provocou tamén unha maior sensibilidade pola xustiza social dentro da Igrexa, que afronta a reforma do Concilio Vaticano II co obxectivo de ter maior incidencia neste ámbito. Isto provocou o achegamento de certos sectores católicos ás teses socialistas, considerando que o capitalismo non era quen de ofrecer unha vida vivíbel aos fillos de Deus. Sendo pois, un sistema cruel. Socializan nunha praxe relixiosa innovadora. Isto achega aos fillos das clases medias formadas ás preocupacións dos traballadores a nivel internacional permitindo unha esquerdización de sectores católicos.

A maiores, a tutela agresiva e até violenta tanto política como económica do EEUU sobre os países latinoamericanos ubicou aos sectores preocupados co atraso económico en posturas antiimperialistas. Estes analizaban o imperialismo como causante da dependencia dos seus países. Arxentina non foi unha excepción e as concepcións antiimperialistas permearon de forma transversal a numerosas correntes políticas. Isto contribuíu á unificación de loitas.

A nivel interno encontramos dous factores de primeira orde. O primeiro é o autoritarismo. Manifestábase nos sucesivos golpes de Estado de militares conservadores e o conseguente nivel de represión despregado, principalmente contra

a mobilización obreira. Esta é a metodoloxía principal do antiperonismo de dereitas a partir de 1955. O segundo factor é a forza e arraigo do populismo peronista. As políticas sociais despregadas polo primeiro e segundo goberno de J.D. Perón resultan innovadoras no seu momento xerando unha identificación de Perón cos traballadores, quen o recoñecen como único garante dos dereitos conquistados. A desperonización de 1955, a cal implicou alto nivel de represión combinado coa anulación da lexislación social promulgada no primeiro peronismo promoveu a idea de que só Perón podía garantir o benestar social. A maiores, Perón introduce o concepto do *diálogo*. Este consiste na oratoria pública antes as masas de forma que se simula unha interlocución entre Perón e o pobo. Así, gaña lexitimidade que se traduciu nun forte vínculo de lealdade e identificación.

Así é como entre 1955 e 1973 xéstase a esperanza de que o Xeneral retorne o antes posíbel. Esta é a cuestión central da mobilización social no inicio deste período. Posteriormente se encontran as lecturas que cadaquén facía do seu retorno. As vías de participación política abertas na Arxentina a partir deste ano resultan, xunto as alternativas formuladas, fundamentais. Así, o fracaso do frondizismo desarrollista, incapaz de cumprir as súas promesas, pois en realidade gobernaba baixo a tutela militar, sumouse ao golpes de Estado contra os gobernos elixidos nas urnas co peronismo proscrito. Isto interprétase como unha cerradez total das vías de participación democráticas na política arxentina por parte das Forzas Armadas. Deste xeito, pouco despois do golpe de J.C. Onganía, xa hai grupos que inspirados nas tácticas cubanas consideran unha posibilidade a loita armada.

Este momento resulta crucial para entendermos o nacemento da loita armada. Nestes primeiros anos os grupos radicalizados que converxen desde a Nova Esquerda, o peronismo (que logo será a esquerda peronista) e o catolicismo radicalizado encontran un punto común na conveniencia dunha estratexia armada inspirada en Cuba na Arxentina. Nestes anos, a represión intensa despregada polo réxime militar estimula a idea da creación dunha forza capaz de respondela. Enténdese así a violencia como unha resposta á violéncia inherente ao sistema político. Este sistema político, que permanece restricto a unha minoría aliñada cos EEUU, representa o antipobo para o peronismo e a burguesía desde a perspectiva marxista. Sexa como for, representaba un poder alleo ao pobo arxentino e polo tanto merecía ser combatido opóndolle a violencia popular. Estas teses casan coa idea de loita de

clases. Esta loita de clases ou de liberación nacional en función da interpretación, na Arxentina tería a súa expresión máis particular durante as puebladas como o *Cordobazo*, o cal sería para os guerrilleiros a demostración de que a violencia existe como autodefensa instintiva no seo dos traballadores. Deste xeito, a guerrilla só pretende racionalizala acorde un obxectivo político.

A maiores, non só se dá unha represión política e no ámbito do traballo. Existe aínda unha censura das formas culturais e de socialización da mocidade, impondo unha moral estricta. Acontece xusto nun momento de máxima expresión da xuventude e de eclosión cultural en Latinoamérica. É, en termos xerais, un tempo de grandes mudanzas. A represión das novas inquedanzas xera un sentimento de frustración e incompreensión xeracional para o que a guerrilla representa un desafogo.

En suma, podemos sinalar sintéticamente os seguintes factores. Un primeiro é radicalización política. O marxismo radicalízase coa aposta violenta da Nova Esquerda. O catolicismo ten a súa vertente radicalizada na Teoloxía da Liberación e o peronismo nútrese de ambos aportes así como da tradición obreira arxentina. Estes tres elementos se interrelacionan influíndose. O segundo factor sería o autoritarismo e a represión. Isto favoreceu a lexitimación da violencia guerrilleira, ao menos durante o réxime militar. A maiores, suxeriu a amplos sectores que as armas era o único camiño para conseguir mudanzas reais e duradeiras. Por último, os referentes revolucionarios cubanos e as guerras de liberación colonial. Estas serviron de inspiración militar. Porén, era aínda máis grande e inspirador o exemplo de que fose posíbel construír un mundo mellor.

BIBLIOGRAFÍA

Bellini, Claudio, “El Plan Prebisch de 1955, los dilemas del desarrollo argentino y las controversias en torno a los legados económicos del peronismo”, en *Revista de Indias*, Buenos Aires, vol.78, núm.273, Consultábel en <https://revistadeindias.revistas.csic.es/index.php/revistadeindias/article/view/1081>

Brennan, James. *El Cordobazo. Las guerras obreras en Córdoba, 1955, 1973*. Buenos Aires: Sudamericana, 1996.

Califa, Juan Sebastián e Milán, Mariano, “La represión en la Universidad y contra el movimiento estudiantil bajo la Revolución Argentina” en *HIB Revista de Historia Iberoamericana, Universia*, vol. 9, núm. 2, 2016 Consultábel en <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7052673>

Calveiro, Pilar. *Política y/o violencia. Una aproximación a la guerrilla de los años 70*. Buenos Aires, Norma, 2005.

Campos, Esteban, *Cristianismo y Revolución. El origen de Montoneros, violencia política y religión en los 60*, Buenos Aires, EDHASA, 2016.

Carnovale, Vera, *Los combatientes. Historia del PRT-ERP*, Buenos Aires, Siglo XII, 2011.

Crenzel, Emilio, “Hacia una historia de la memoria de la violencia política y los desaparecidos en Argentina” en Allier Montaño, Eugenia e Crenzel, Emilio, *Las luchas por la memoria en América Latina: historia reciente y memoria política*, Ciudad de México, Bonilla Artigas Editores, 2015. Consultábel en <https://elibro-net.ezbusc.usc.gal/es/lc/busc/titulos/105767/>

Iazzetta, Marco, “Los sentidos de la violencia en el discurso y en la práctica del PRT-ERP durante los años 1970-1976 en Argentina” en *POSTData. Revista de reflexión y análisis político*, vol. 21, nº2, 2016. Consultábel en <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5720714>

Franco, Marina, “Consideraciones sobre política e historiografía: el campo de la Historia Reciente en la Argentina” en Allier Montaño, Eugenia et al., *En la cresta de la ola. Debates y definiciones en torno a la historia del tiempo presente*, Ciudad

de México, Bonilla Artigas Editores, 2020. Consultábel en <https://elibro-net.ezbusc.usc.gal/es/lc/busc/titulos/175507>

González Canosa, Mora, *Los futuros del pasado. Una historia de las FAR. Marxismo, peronismo y Revolución*, Buenos Aires, Prometeo libros, 2021. Consultábel en <https://elibro-net.ezbusc.usc.gal/es/lc/busc/titulos/189064>

James, Daniel, *Resistencia e Integración. El peronismo y la clase trabajadora argentina, 1946-1976*, Buenos Aires, Editorial Sudamericana, 1990.

Jauretche, Arturo, *El Plan Presbich. Retorno al coloniaje.*, Buenos Aires, Ed. A. Peña Lillo, 1973.

Malvicini Di Lazaro, Luciano e Vivanco, Ángel, “El clasismo: ¿un sindicalismo revolucionario? revisitando el debate en torno a la experiencia clasista en Argentina (1970-1971)” en *Conflicto Social*, n° 15, Buenos Aires, 2022. Consultábel en <https://iigg.sociales.uba.ar/2022/07/18/revista-conflicto-social-n-27/>

Mangiantini, Martín, “La Nueva Izquierda: una categoría en discusión”, en Mangiatini, Martín et al. "Diálogo sobre el concepto de “nueva izquierda” en la historiografía argentina” *Archivos de historia del movimiento obrero y la izquierda*, La Plata, n° 18, 2021. Consultábel en <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=8803532>

Martín Álvarez, Alberto e Rey Tristán, Eduardo, *La dimensión transnacional de la izquierda armada*, Salamanca, en *América Latina hoy*, vol. 80, 2018, <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6824803>

Martín Álvarez, Alberto e Rey Tristán, Eduardo, “La oleada revolucionaria latinoamericana contemporánea, 1959-1996. Definición, caracterización y algunas claves para su análisis”, en *Naveg@mérica. Revista electrónica de la Asociación Española de Americanistas*, 2012, n° 9 Consultábel en <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5143565>

Mealla, Eloy Patricio, “Del catolicismo social al tercermundismo católico” en *Miríada: investigación en Ciencias Sociales*, vol. 11, n° 15, 2019. Consultábel en <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7308100>

Brennan, James P., *El Cordobazo. Las guerras obreras en Córdoba, 1955-1973*, Buenos Aires, Editorial Sudamericana, 1996.

Gordillo, Mónica “Protesta, rebelión y movilización: de la resistencia a la lucha armada” en Daniel James, *Nueva Historia Argentina: Violencia proscrición y autoritarismo (1955-1976)*, Buenos Aires, Editorial Sudamericana, 9, 2007

Consultábel en <http://www.scielo.org.ar/img/revistas/sochis/n29/html/n29a02.htm>

Ortiz, María Laura, “Apuntes para una definición del clasismo” en *Conflicto Social*, Año 3, N° 3, Junio 2010. Consultábel en <https://publicaciones.sociales.uba.ar/index.php/CS/article/download/412/370>

Pis Díez, Nayla, “La Nueva Izquierda, la protesta social y la universidad: debates conceptuales desde ámbitos cruzados” en Mangiatini, Martín et al. “Diálogo sobre el concepto de “nueva izquierda” en la historiografía argentina “en *Archivos de historia del movimiento obrero y la izquierda*, La Plata, n° 18, 2021. Consultábel en <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=8803532>

Pujol, Sergio, “Rebeldes y modernos. Una cultura joven” en Daniel James, *Nueva Historia argentina: Violencia, proscrición y autoritarismo (1955-1976)*, Buenos Aires, Editorial Sudamericana, 9, 2007.

Ponza, Pablo, Ponza, Pablo, *Los intelectuales críticos y la transformación social en Argentina (1955-1973): Historia intelectual, discursos políticos y conceptualizaciones de la violencia en la Argentina de los años sesenta-setenta* (tese de doutoramento), Barcelona, Universitat de Barcelona, 2007, Consutábel en <https://dialnet.unirioja.es/servlet/tesis?codigo=3977>

Pozzi, Pablo, “De frente, hacia las masas” El PRT-ERP y el trabajo de masas” en *Historia Caribe*, vol. 16, n° 39, 2021, pp. 99-100, 114. Consultábel en <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=8010685>

Pozzi, Pablo, *Por las sendas argentinas. El PRT-ERP y la guerrilla marxista*, Buenos Aires, CLACSO, 2022. Consultábel en <http://biblioteca-repositorio.clacso.edu.ar:8080/bitstream/CLACSO/168955/1/Por-las-sendas-argentinas.pdf>

Salcedo, Javier, “De Los Camilos a los Comandos Peronistas de Liberación en los orígenes de Montoneros” en *Revista de Historia Social y de las Mentalidades*, Santiago de Chile, Universidad de Santiago de Chile, vol. 22, n° 2, 2018 Consultábel en <https://www.revistas.usach.cl/ojs/index.php/historiasocial/article/view/3648>

Slipal, Daniela, “Comunicar las disidencias. Un recorrido por tres escisiones de Montoneros en los setentas” en *Revista Izquierdas*, n° 41, 2018. Consultábel en <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7331171>

Slipak, Daniela, *Las revistas Montoneros. Como la organización construyó su identidad a través de sus publicaciones*, Buenos Aires, Siglos Veintiuno Editores, 2015

Tortti, Cristina, “Protesta social y “Nueva Izquierda” en la Argentina del Gran Acuerdo Nacional” en Pucciarelli, Alfredo, *La primacía de la política*, Buenos Aires, Edudeba, 1999.

FONTES PRIMARIAS

Comandos Peronistas de Liberación, *Manifiesto de los Comandos Peronistas de Liberación*, 1967. Consultábel en https://cedema.org/digital_items/6387

Corriente Clasista, *Suplemento del 1° de Mayo*, 1975, p. 4 Consultábel en <https://eltopoblindado.com/opm-marxistas/grupo-obrero-revolucionario-gor/corriente-clasista-suplemento-1-de-mayo-1975/>

El Ortiba, *Cantitos de los 70*. Consultábel en <http://www.elortiba.org/old/cantitos.html>

El Topo Blindado, “Reportaje a las FAR. Los de Garín” en *Cristianismo y Revolución*, n° 28, 1971, pp. 2-4. Consultábel en <https://eltopoblindado.com/opm-marxistas/fuerzas-armas-revolucionarias-far/reportaje-a-las-far-los-de-garin/>

Guevara, Ernesto, *Mensaje a los pueblos del mundo a través de la Tricontinental*, 1967 Consultábel en <http://www.insumisos.com/M4T3R14L/BD/Guevara-Ernesto%20Che/Mensaje%20a%20los%20pueblos%20del%20mundo%20a%20traves%20de%20la%20Tricontinental.PDF>